Sobre a falta de adaptación ás necesidades reais dos concellos declarados turísticos e dos xeodestinos de Galicia do actual modelo de subvencións para a contratación de persoal nas oficinas de turismo, as previsións do Goberno galego respecto da revisión á alza do importe máximo da axuda concedida por entidade e a actuación que vai levar a cabo en relación coa diferenza existente entre o crédito orzamentario existente e o importe da subvención reflectido na resolución do 11 de abril de 2017

- 16213 - 10167 (10/PRE-004516)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as razóns da Xunta de Galicia para establecer no decreto que regula os albergues a exixencia de lenzaría de tea como norma xeral imperativa para ese tipo de aloxamentos, as posibles repercusións na súa viabilidade económica e súa posible consideración como unha medida de competencia desleal cos albergues da rede pública, que non teñen esa obriga

- 16352 - 3727 (10/PRE-004535)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a posición da Xunta de Galicia respecto da decisión do Goberno español de modificar os coeficientes redutores na idade de xubilación dos mariñeiros que pescan en augas internacionais

- 16358 - 3735 (10/PRE-004539)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre o proceso de regularización das embarcacións pesqueiras en Galicia

- 16351 - 3729 (10/PRE-004540)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as xestións que fixo a Xunta de Galicia ante o Estado de Noruega en relación coa reclamación do colectivo social Long Hope do recoñecemento aos mariñeiros do dereito a percibiren as súas pensións de xubilación ou que se lles devolvan os impostos recadados

- 16302 - 3986 (10/PRE-004541)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar o impacto nos dereitos de xubilación dos mariñeiros galegos das modificacións que se están a tramitar na normativa europea, así como a decisión do Goberno español de modificar de oficio os coeficientes redutores na idade de xubilación dos mariñeiros que pescan en augas internacionais

- 16372 - 8763 (10/PRE-004570)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para resolver a conflitividade existente no sector da extracción do percebe, como consecuencia da interpretación da normativa que regula esa actividade, en especial naqueles lugares onde se está impedindo traballar a unha parte do sector, as causas desa conflitividade e os aspectos concretos da normativa que están a infrinxir os traballadores advertidos de sanción ou sancionados polo seu labor na Confraría A Anunciada, de Baiona

- 16366 - 9005 (10/PRE-004576)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a fase na que se atopa o plan de sinalización e colocación de balizas para reforzar a seguridade marítima dos portos galegos anunciado por Portos de Galicia a finais de 2015, as xestións realizadas polo Goberno galego para axilizar os trámites correspondentes e o grao de execución que vai acadar no ano 2017, así como a valoración da Xunta de Galicia respecto da necesidade de balizar as bateas

- 16368 - 9048 (10/PRE-004577)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da solicitude ao Goberno central da introdución de modificacións no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar para incrementar o coeficiente redutor da idade de xubilación aplicado aos mariscadores

- 16493 - 9572 (10/PRE-004578)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre as causas do novo episodio de mortalidade do berberecho na ría de Arousa, a posible incidencia nela do deficiente ou nulo tratamento das augas fecais e/ou industriais e as medidas previstas polo Goberno galego para reverter esa situación

- 16491 - 9868 (10/PRE-004588)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia para a recuperación das poboacións de berberecho nas rías galegas, as medidas económicas adoptadas ou previstas para paliar a perda de ingresos ocasionada aos mariscadores pola súa mortalidade e a confirmación da relación existente entre a presenza do parasito *Marteilia refrigens* e a mortalidade dese molusco na ría de Arousa, así como a situación do proceso de investigación levado a cabo ao respecto

- 16488 - 9887 (10/PRE-004589)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión e as actuacións levadas a cabo e as previstas pola Xunta de Galicia en relación co peche da pesqueira da cigala para a frota galega de arrastre ata o ano 2019

- 16209 - 10375 (10/PRE-004592)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre a prestación do Servizo de Gardacostas de Galicia

- 16208 - 10462 (10/PRE-004593)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e Merlo Lorenzo, Juan José

Sobre a situación actual dos dous helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galicia

- 16198 - 10948 (10/PRE-004600)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Torrado Quintela, Julio

Sobre as medidas que vai adoptar a Consellería do Mar para garantir nos procedementos de contratación pública os principios comunitarios de non discriminación e transparencia, así como a non restrición ou limitación da competencia, e as razóns existentes para non emitir a consulta preliminar ao mercado antes do inicio do expediente para a licitación dos servizos de operación e mantemento de dous helicópteros para a prestación do Servizo de Gardacostas de Galicia, segundo o disposto na Directiva 2014/24/EU

- 16015 - 10603 (10/PRE-004673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre a actuación do Goberno galego respecto da adopción das medidas destinadas á loita contra a *Vespa velutina* e de paliar os danos ocasionados ao sector apícola

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2017

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:25
Nº Rexistro: 16190
Data envío: 13/09/2017 12:25:07.512

Data 13/09/2017 12:24

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 12832**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a declaración de Festa de Interese Turístico da Festa das Covas de Vilamartín de Valdeorras (Ourense).”**, (publicada no BOPG número 158 do 4 de agosto de 2017), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O expediente de declaración da festa das covas como festa de interese turístico está a seguir con normalidade os pasos legalmente establecidos.

Na actualidade o expediente conta co informe favorable do director de Competitividade de Turismo de Galicia e está a espera de ser informado e aprobado na vindeira reunión do Consello Galego de Turismo para a súa aprobación final no Consello da Xunta.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:25
Nº Rexistro: 16190
Data envío: 13/09/2017 12:25:07.512

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 12:24:51



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 3012**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outras/as deputadas/os mais do mesmo grupo, sobre **“o tipo de seguimento que está a levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa xestión, eliminación, reutilización ou reciclaxe dos diversos tipos de residuos industriais procedentes de hidrocarburos e semellantes que se están a procesar na PMA de Lendo, na Laracha, así como a realización dalgún estudo do seu impacto medioambiental e na saúde da poboación”**, (publicada no BOPG número 49 do 20 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio** que ten o seguinte contido:

“O seguimento da instalación de xestión de residuos que Protección Medio Ambiental, S.L. ten no Concello da Laracha enmárcase no preceptivo seguimento do cumprimento da autorización ambiental integrada que lle foi outorgada en outubro de 2008.

Dita autorización, cuxo texto está dispoñible para consulta pública na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, sinala os preceptivos valores límite de emisión e impón a implantación das mellores técnicas dispoñibles, establecendo as correspondentes medidas de vixilancia, seguimento e control ambiental no que atinxe á protección da atmosfera, solos, augas ou xestión de residuos, quedando a instalación sometida ás obrigas de subministro de información e á práctica de inspeccións periódicas.

Con carácter previo ao outorgamento da autorización ambiental integrada, a instalación foi sometida aos correspondentes trámites de avaliación de efectos ambientais ante a Comisión

Galega do Medio Ambiente, que emitiu a correspondente declaración".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16340
Data envío: 13/09/2017 14:09:30.427

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 14:09:26



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 3911**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Olalla Rodil Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“os datos referidos ao investimento previsto para a execución do proxecto de transvasamento de trinta mil metros cúbicos de area na praia de Covas, en Viveiro, así como a súa data de inicio”**, (publicada no BOPG número 59, do 3 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No que respecta a á praia de Covas existe unha problemática que afecta á metade oeste da mesma, que foi perdendo area ata desaparecer cando hai preamar, de forma que o mar bate sobre o muro do paseo marítimo provocando avarías que poñen en perigo a estabilidade do paseo, incluso a seguridade das vivendas próximas pola vibración nas súas estruturas.

Ante esta situación, Portos de Galicia propuxo, como medida provisional a executar este ano, a realización dun transvasamento de 30.000 m3 de area da zona de levante, aos primeiros 500 metros da zona de poñente da praia de Covas, de tal forma que se free momentaneamente a regresión da citada praia e da protección ao paseo marítimo contiguo.

Nun primeiro momento, Portos de Galicia tiña previsto comezar xa o transvasamento de area coa adxudicación da obra á empresa Villasuso Construción, pero optou por agardar ao 18 de setembro para que as obras non coincidan coa temporada alta de verán, atendendo así, a unha petición trasladada dende o Concello de Viveiro xunto aos veciños agrupados na Plataforma Salvar a Praia de Covas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:33
Nº Rexistro: 16305
Data envío: 13/09/2017 13:33:40.179

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:33:36



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 4345**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Marcos Cal Ogando, sobre **“os datos do Goberno galego referidos á situación do lobo en Galicia, en concreto naqueles lugares en que se autorizaron batidas, os de carácter científico que posúe para autorizalas e os informes que aconsellan levalas a cabo nos concellos de Friol e Guitiriz, así como as medidas que está a adoptar para a conservación e convivencia desa especie cos seres humanos”**, (publicada no BOPG número 63 do 9 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Tendo en conta o establecido no Plan de Xestión desta especie, ademais do estado poboacional do lobo na zona, tense en conta para autorizar batidas o nivel de recorrencia dos danos, o número de reses afectadas, as medidas preventivas establecidas polas explotacións que teñen sufrido os danos e o grao de conflictividade social asociado a estes episodios.

En canto á situación do lobo na comunidade, os últimos traballos de campo realizados en Galicia para o censado da especie confirman que a presenza do lobo é xeneralizada en todo o territorio, podéndose concluír que as poboacións, en termos xerais, mantéñense.

En relación ás medidas tomadas, cómpre sinalar que o Goberno galego está a aplicar todo o paquete de actuacións incluído no Plan de Xestión da especie, aprobado mediante o Decreto 297/2008.

Finalmente, con respecto a Friol, a actuación mencionada contou con todos os informes e autorizacións preceptivas de acordo coa lexislación sectorial aplicable en materia cinexética,

así como o propio Plan de Xestión da especie”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 16300
Data envío: 13/09/2017 13:32:07.350

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:32:03



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:31
Nº Rexistro: 16296
Data envío: 13/09/2017 13:31:25.068

Data 13/09/2017 13:31

RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 4524**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e outros/as deputados/as máis, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do estado en que se atopa a estación de tratamento de auga potable do concello de Ordes e o prazo previsto pola Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para a execución das melloras necesarias”**, (publicada no BOPG número 66 do 15 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“De conformidade coa normativa vixente, os concellos teñen atribuídas as competencias en materia de subministro de auga, sumidoiros e tratamento de augas residuais. A Administración autonómica colabora coas locais mediante o apoio á planificación, execución e financiamento de infraestruturas hidráulicas de abastecemento, saneamento e depuración.

Neste marco, Augas de Galicia colaborou co Concello de Ordes na avaliación do estado da estación de tratamento de auga potable, realizando un completo informe sobre o estado de esta infraestrutura.

Con todo, ao tratarse dunha competencia municipal é o Concello o que debe coñecer o funcionamento do sistema e as posibles deficiencias que presente, promovendo as actuacións que se precisen para subsanala.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:31
Nº Rexistro: 16296
Data envío: 13/09/2017 13:31:25.068

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:31:20



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 5120**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as mais do mesmo grupo, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do remate da elaboración e contido do Plan reitor do uso e xestión do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia”**, (publicada no BOPG número 70 do 21 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

”Tras o inicio da tramitación do Plan Reitor de Usos e Xestión do Parque Nacional Illas Atlánticas no ano 2011 rexistráronse cambios substanciais que propician unha revisión en profundidade do documento preliminar.

Unha vez aprobada a lei de parques nacionais, en decembro de 2014, adaptouse tamén o Plan director de Parques Nacionales (Real Decreto 389/2016, de 22 de outubro), que é de un documento reitor para todos os parques nacionais.

Tendo en conta isto, o obxectivo do Goberno galego é presentar ao longo deste ano 2017 o documento definitivo adaptado á normativa aprobada ata o momento”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:28
Nº Rexistro: 16294
Data envío: 13/09/2017 13:28:47.536

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:28:43



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:28
Nº Rexistro: 16293
Data envío: 13/09/2017 13:28:38,645

Data 13/09/2017 13:28

RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 5145**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as mais do mesmo grupo, sobre **“os obxectivos do proxecto de ampliación das instalacións de Sogama, S.A. en Cerceda, a opinión do Goberno galego respecto das conclusións da diagnose reflectidas na memoria dos orzamentos da sociedade pública e as previsións respecto da remodelación da actual nave de reciclaxe, tratamento e elaboración de combustible, así como o prazo estimado para o cumprimento dos obxectivos fixados”**, (publicada no BOPG número 70 do 21 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

” A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á pregunta escrita 5146 sobre o mesmo tema e formulada polos/as mesmos/as deputados/as”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:28
Nº Rexistro: 16293
Data envío: 13/09/2017 13:28:38,645

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:28:32



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 5159**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as mais do mesmo grupo, sobre **“o significado do anuncio da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de compatibilizar a conservación dos parques nacionais e naturais de Galicia co turismo sostible e o seu impulso como destinos turísticos e mais a súa opinión respecto do seu aproveitamento como elementos de desenvolvemento económico para os lugares onde se asentan e os seus posibles propietarios e habitantes, así como a súa inclusión nun plan de educación ambiental escolar”**, (publicada no BOPG número 70 do 21 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Compatibilizar a conservación dos parques naturais co turismo sostible significa promocionar os espazos naturais de Galicia co obxectivo de incrementar o seu coñecemento. Isto sempre facendo compatible a promoción coa conservación dos seus valores naturais, establecendo límites naqueles casos nos que a demanda supera a capacidade do espazo, como no caso do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas ou a praia das Catedrais, e incrementando a promoción daqueles espazos menos coñecidos.

A natureza é un dos grandes atractivos de Galicia, e os espazos naturais protexidos son o mellor exemplo da excepcional súa riqueza natural. A súa promoción, respectando en todo momento os seus valores naturais, é sen dúbida unha das mellores formas de poñer en valor a contorna natural da nosa comunidade. Trátase de valorizar estes espazos naturais, convertendo a afluencia de visitantes nunha fonte de riqueza para a contorna dos mesmos.

Por outra banda, cómpre sinalar que a educación ambiental é un dos piares dos parques naturais, xa que todos eles dispoñen de aulas da natureza e de monitores especializados nesta materia. Ademais, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio ten asinado un convenio de colaboración coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a atención de centros educativos. Do mesmo xeito, asináronse convenios coas universidades galegas para a realización de prácticas nos

parques naturais. Ademais, colaborase estreitamente con centros educativos que están a desenvolver proxectos educativos nalgúns destes espazos”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:22
Nº Rexistro: 16290
Data envío: 13/09/2017 13:22:14.643

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:22:10



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 5212**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de empresas que concorreron ao procedemento de contratación administrativa do servizo de limpeza de sendas e marxes en tramos fluviais seleccionados das catro provincias galegas, cofinanciado nun 75% polo Feader, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural para Galicia 2014-2020, a posible renuncia da consellaría á asunción da súa xestión directa mediante a súa adxudicación á Eulen, S.A., así como o órgano encargado de controlar a súa execución”**, (publicada no BOPG número 70 do 21 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Segundo consta na documentación do expediente relativo ao servizo de limpeza de sendas e marxes en tramos fluviais seleccionados das catro provincias galegas, cofinanciado nun 75% polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), o número de empresas admitidas nesta licitación foi de 81.

En ningún caso, esta actuación puntual realizada a través deste contrato implica que non se estean a realizar labores permanentes de conservación e protección dos nosos ecosistemas fluviais, a través dos medios propios da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Segundo consta no expediente, o órgano responsable do contrato é a correspondente Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio en cada provincia.

Finalmente, cómpre subliñar que os traballos obxecto do presente contrato foron rematados no

pasado mes de decembro, sendo realizados satisfactoriamente”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:20
Nº Rexistro: 16286
Data envío: 13/09/2017 13:20:33.783

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:20:29



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:20
Nº Rexistro: 16284
Data envío: 13/09/2017 13:20:13.611

Data 13/09/2017 13:20

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 5320**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación en que se atopa o proxecto de creación de pasos inferiores e accesos nos cruzamentos do Camiño de Santiago coa estrada N-547 en diversos concellos da Coruña e Lugo, os prazos establecidos para a súa construción e as previsións ao respecto.”**, (publicada no BOPG número 76 do 2 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A seguridade viaria no Camiño de Santiago abórdase a través da Comisión de Seguridade Viaria do Camiño de Santiago, que foi constituída en xullo de 2015 e está promovida pola Delegación do Goberno en Galicia.

Trátase dunha comisión de carácter multidisciplinar na que actúa o Ministerio de Fomento e da que forma parte a Xunta de Galicia para a mellora viaria no Camiño de Santiago.

Nunha das últimas reunións desta Comisión, celebrada en febreiro de 2017, deuse conta dos distintos traballos levados a cabo nas catro provincias galegas.

No que se refire a Turismo de Galicia, informouse dos traballos levados a cabo e que atínxen ás obras de sinalización e melloras no Camiño para a súa adaptación e delimitación oficial, coa creación de diversas sendas como a de Pedrafita que aparta aos peregrinos da estrada. Tamén se informou dos traballos para asegurar o acondicionamento das distintas rutas xacobeas, así como as medidas de prevención e concienciación entre os peregrinos en materia de seguridade viaria co reparto de cubremochilas reflectoras.

No que confire á competencia do Ministerio de Fomento, este departamento informou das súas actuacións recordando que realizou unha mellora da sinalización vertical nos puntos máis conflictivos de cruzamento de peregrinos do Camiño Francés coa estrada estatal N-547. Neste punto limitouse a velocidade nos puntos de cruzamento do Camiño de Santiago e se implantaron

sinais con leds de advertencia de perigo polo cruzamento de peóns e peregrinos, reforzando así a sinalización preexistente.

Nesa mesma reunión do mes de febreiro de 2017, Fomento tamén deu conta de que nos puntos de confluencia da estrada estatal N-547 co Camiño atópase en fase de tramitación o proxecto para a construción de pasos inferiores e accesos no cruzamento do Camiño de Santiago con N-547 seis puntos quilométricos de especial tráfico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:20
Nº Rexistro: 16284
Data envío: 13/09/2017 13:20:13.611

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:20:07



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 5883**, formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de don Antón Sánchez García, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto do proceso de elaboración da Estratexia galega de loita contra o cambio climático e enerxía 2050, o seu prazo de remate e a incidencia que vai ter a súa priorización nos modelos de infraestruturas, transporte, xestión de residuos e agroalimentario”**, (publicada no BOPG número 80 do 9 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“A Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 será o instrumento planificador da Xunta de Galicia, que establecerá as grandes liñas de actuación na loita fronte a este fenómeno e na transición enerxética.

O proceso de elaboración da estratexia iniciouse o pasado mes de xuño cun acto no que se fixo pública a iniciativa de redacción da mesma e se efectuou un chamamento a todos os axentes do ámbito académico, empresarial, colectivos ambientalistas e sociais para participar activamente no proceso.

A elaboración da estratexia desenvolverase en dúas fases. Na primeira delas realizaranse as seguintes tarefas: diagnóstico actualizado de situación da loita contra o cambio climático en Galicia e a compilación sistematizada dos acordos e iniciativas sobre a loita contra o cambio climático que existen a nivel internacional, nacional e rexional. Este documento completárase cunha primeira proposta das liñas estratéxicas en materia de mitigación, adaptación e sensibilización- formación, que será contrastado no seo de grupos de traballo constituídos con representantes do ámbito universitario, empresarial e da sociedade civil.

A segunda fase comprende o desenvolvemento dun mapa de coñecemento e avaliación das capacidades de Galicia na loita fronte ao cambio climático e os seus efectos, que inclúa todos os sectores que aportan información sobre mitigación, adaptación e sensibilización.

Finalmente, elaborárase o proxecto da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e afectos do seu sometemento a participación pública e consultas”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:14
Nº Rexistro: 16275
Data envío: 13/09/2017 13:14:56.765

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:14:52



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7166**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada e outros/as deputados/as mais do mesmo grupo, sobre **“a xustificación da necesidade de investir 1.053.246,37 euros no proxecto de abastecemento de auga ás parroquias de Nantón e Anos, no concello de Cabana de Bergantiños, e para dar servizo ao futuro parque empresarial da Costa da Morte, as razóns da demora na posta en funcionamento das obras e as xestións previstas polo Goberno galego ao respecto, así como o grao de deterioración no que se atopan”**, (publicada no BOPG número 97 do 6 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“En primeiro lugar, cómpre subliñar que a valoración da necesidade deste investimento realizouse no ano 2008. Nesa data, en función da dispoñibilidade orzamentaria existente e da necesidade e xustificación técnica e económica, entendeuse que era procedente a súa realización.

Este proxecto de abastecemento, como calquera outro, establece as determinacións técnicas para proceder a executar unha determinada obra hidráulica e non inclúe ningunha valoración sobre a necesidade ou non de construción dun polígono.

O contrato adxudicouse en 2010 e, posteriormente, a empresa contratista entrou en concurso voluntario de acredores, ditándose en 2014 apertura da fase de liquidación.

Actualmente, estase a tramitar o procedemento de extinción do contrato por incumprimento do contratista”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:12
Nº Rexistro: 16273
Data envío: 13/09/2017 13:12:43.046

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:12:38



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7213**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a opinión do Goberno galego respecto do impacto que ten nos ríos galegos a superpoboación do corvo mariño cristado xigante, o tipo de controis iniciados dende o ano 2009 en relación con esa especie e as súas previsións respecto da súa intensificación nas zonas de nidificación e de invernada, así como entre os meses de setembro e abril de cada ano ”**, (publicada no BOPG número 97 do 6 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Con respecto a esta iniciativa, cómpre indicar que non se coñece ningunha especie con presenza en Galicia que responda á denominación ‘corvo mariño cristado xigante’. Non obstante, coa denominación ‘corvo mariño cristado’ identifícase unha especie de ave mariña (*Phalacrocorax aristotelis*), catalogada como vulnerable tanto no catálogo galego como no español de especies ameazadas (regulados mediante o Decreto 87/2007, do 19 de abril e o Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, respectivamente). Con todo, non se ten detectado ningún problema para os ríos galegos relacionados coa citada especie.

Non obstante, con respecto á poboación de ‘cormorán grande’ (*Phalacrocorax carbo*), ave acuática de dieta piscívora invernante presente nos estuarios e en zonas dulceacuícolas de Galicia e á que se pode referir a pregunta, cómpre indicar que recentemente a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio asinou un convenio de colaboración coa Federación Galega de Pesca. Neste documento, incorporouse xa unha partida para a elaboración dun estudio das posibles medidas tendentes a minimizar o impacto de determinadas especies de avifauna no ecosistema fluvial (entre as que se inclúe o cormorán grande). O obxectivo é

acadar un equilibrio, aos efectos dun aproveitamento sustentable das poboacións de peixes”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:10
Nº Rexistro: 16270
Data envío: 13/09/2017 13:10:57.404

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:10:53



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16584
Data envío: 14/09/2017 15:24:26.265

Data 14/09/2017 15:24

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 2ª- **número 8393**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Raúl Fernández Fernández e outros/as deputados/as máis, sobre **“a opinión e as previsións do Goberno galego respecto da execución de obras de recuperación e rexeneración da praia da Carabuxeira, en Sanxenxo, o seu contorno natural, o muro de contención e as vivendas colindantes afectadas pola construción do Porto Deportivo de Sanxenxo, así como as demandas que vai realizar ao Goberno central ao respecto”**, (publicada no BOPG número 113, do 11 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“No caso da Praia de Carabuxeira, Portos de Galicia límtase a actuar seguindo os ditames xudiciais. Destes derívase que o ente público non é a Administración legalmente competente para proxectar nin executar as medidas correctoras que se requiren na praia da Carabuxeira.

Pese a que non é competencia de Portos a execución das obras, sí que como ente titular dos terreos da concesión asume a responsabilidade de analizar todos os escenarios posibles respecto á reparación da contorna e polo tanto proponse como parte do entendemento entre as partes implicadas para atopar a mellor solución para os veciños de Sanxenxo.

Por tanto, a Xunta de Galicia propón a creación dun grupo de traballo coas 3 partes implicadas (Costas, Concello e Portos) para establecer un plan de actuación en función das competencias de cada Administración neste ámbito.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16584
Data envío: 14/09/2017 15:24:26.265

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 15:24:21



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 16193
O programa de medidas previstas no Plan divídese en tres capítulos dos que un está dedicado integramente á prevención e tratamento da violencia de xénero. As 67 medidas específicas que se formulan neste ámbito atinxen a dúas áreas estratéxicas de actuación: por unha banda, sensibilización e prevención (cunha énfase especial na mocidade) e, por outra, intervención e integración. O Plan atópase dispoñible para consulta no portal web da Secretaría Xeral de Igualdade.

En todo caso, recentemente déronse algúns avances realmente relevantes para mellorar a sensibilización e a atención á violencia de xénero. Entre eles, cómpre destacar o Protocolo de coordinación e cooperación institucional fronte á violencia de xénero aprobado no Pleno do Observatorio contra a violencia de xénero (contén propostas para sensibilizar en violencia de xénero, incluíndo tamén protocolos de actuación en todos os ámbitos, dende o educativo, o sanitario, o xurídico ata o social), o proxecto de decreto que regula a formación en igualdade e prevención e loita contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da nosa Comunidade (Galicia convértese en pioneira en desenvolver unha iniciativa deste calado), a sinatura dun convenio de colaboración co Colexio Oficial de Administradores de Fincas de Galicia e a Asociación Española de Auditores Socio-Laborais (incídese na prevención da violencia de xénero no entorno veciñal) e a adhesión de 200 empresas galegas ao Protocolo para a detección e tratamento na empresa de situación de violencia de xénero.

Polo que respecta ás medidas postas en marcha para a prevención e a sensibilización da mocidade na loita contra a violencia de xénero, a S.X da Igualdade levou a cabo, entre outras, as seguintes actuacións en 78 concellos que están adheridos á Rede de entidades locais contra a violencia de xénero:

1. En 23 concellos desenvolvéronse obradoiros educativos para nenos, nenas e adolescentes, “Violencia de xénero e o novo contexto dixital”, centradas no coñecemento e prevención das novas formas de violencia que xorden no contexto dixital: ciberviolencia de xénero, grooming, sexting...
2. En 15 concellos estivo a exposición “Á Violencia de Xénero... Dille NON!”, dirixida a axudar á mocidade a recoñecer, identificar e rexeitar condutas sexistas, nocivas nas súas relacións.
3. En 15 concellos estivo a exposición “Cartas de Amor”, sobre a violencia de xénero e a mocidade, acompañada dun obradoiro práctico explicativo da mostra no mesmo lugar da exposición.
- 4.- En 5 concellos levouse a cabo o Programa de asesoramento e terapia familiar con nenos e nenas que sufriran de maneira directa ou indirecta violencia de xénero
- 5.- En 20 concellos déronse charlas informativas a cargo de persoal do Centro de Recuperación Integral para vítimas de violencia de xénero sobre as consecuencias desta violencia nas mulleres, nos nenos e nas nenas e pautas para a súa abordaxe.

Ademais, incidindo novamente no eido das novas tecnoloxías xunto con Pantallas Amigas levouse a cabo unha campaña sobre sextear con menos riscos (na que se presenta un decálogo para facelo de maneira segura) e organizou o Foro Galego de Educación en Igualdade, que se celebrou maio de 2017 e tratou de “Ciberigualdade: Influencia das redes sociais na construción dunha cidadanía dixital responsable”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:26
Nº Rexistro: 15970
Data envío: 11/09/2017 12:26:11.619

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 12:26:07



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión número 6201, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns e as consecuencias da demora, así como a data prevista pola Xunta de Galicia, para a publicación das bases reguladoras da prestación económica de carácter periódico para as mulleres vítimas de violencia de xénero establecidas na normativa vixente.”**, (publicada no BOPG número 84 do 16 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral da Igualdade** que ten o seguinte contido:

“O 24 de marzo de 2017 o DOG publicaba a resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión da prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero, prevista no artigo 39 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo; e a resolución do 17 de marzo de 2017, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases para a concesión das axudas establecidas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, e no artigo 43 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

Así, a Xunta destina este ano case 4,5 millóns de euros para axudar ás vítimas de violencia de xénero, un orzamento que se distribuirá a través de tres liñas de axudas distintas, todas elas ampliables.

A primeira liña é a correspondente ás axudas económicas periódicas, que conta cun prazo de solicitude aberto durante todo o ano e cuxas beneficiarias son as vítimas de violencia de xénero e, por primeira vez este ano, tamén as vítimas de trata, unha iniciativa pioneira a nivel estatal.

O seu obxectivo é garantir ás mulleres as condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor para axudalas a romper esa situación de violencia. Para conseguilo, a convocatoria está dotada con algo máis de 4 millóns de euros, que se distribúen entre ese ano e o seguinte. Trátase dun orzamento ampliable que, ademais, duplica ao consignado para este mesmo fin no exercicio pasado.

A contía media da axuda sitúase nos 600 euros mensuais, variando entre os 300 e os 800 euros en función do número de menores a cargo ou de se a solicitante ten algún tipo de discapacidade.

Ademais, a Xunta dispón doutras axudas económicas de pago único, dirixidas ás mulleres vítimas de violencia de xénero que se sitúen nun determinado nivel de rendas e sobre as que se presuma que, pola súa idade, falta de preparación xeral ou circunstancias sociais, teñen especiais dificultades para obter un emprego.

Neste caso, o orzamento -que tamén pode ser ampliado- ascende a 400.000 euros. O importe da axuda, con carácter xeral, será equivalente ao de seis meses do subsidio de desemprego vixente: 426 euros (80% do IPREM). Isto supón que os importes poden variar desde os 2.500 euros a algo máis de 10.000 cando concorren varias circunstancias especiais.

A terceira das convocatorias refírese á concesión de indemnizacións ás mulleres, menores ou persoas dependentes afectadas pola violencia de xénero e que non poidan percibir as indemnizacións que lles correspondan, fixadas mediante sentenza xudicial. Estas aboaranse cando exista constatación xudicial do incumprimento do deber de satisfacer ditas indemnizacións por insolvencia económica e cando este incumprimento derive nunha situación de precariedade económica.

Esta liña dispón dun orzamento de 55.000 euros para 2017. A contía será a fixada pola resolución xudicial, cun máximo de 6.000 euros por persoa beneficiaria, excluídos os xuros de mora. ”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:27
Nº Rexistro: 15973
Data envío: 11/09/2017 12:27:05.088

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 12:27:00



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 8542**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Encarnación Amigo Díaz e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as actividades de visualización e participación que está a desenvolver a Secretaría Xeral da Igualdade para o fomento das tecnoloxías da información e a comunicación nas rapazas nos centros educativos de Galicia.”**, (publicada no BOPG número 113 do 11 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“O Plan Proxecta é unha iniciativa dirixida a fomentar a innovación educativa nos centros a través de programas que desenvolvan de xeito paralelo as competencias básicas e a educación en valores.

O obxectivo central deste plan é construír modelos de mellora mediante proxectos interdisciplinares integrados na programación xeral anual e nas programacións do profesorado participante que teñan un alto potencial de transferibilidade tanto no propio centro no que se orixinan como no resto da comunidade educativa galega mediante a súa difusión desde as canles dixitais

No curso 2016-2017 do Plan Proxecta un dos programas é o das “Rapazas emprendedoras nas TIC”, que ten como obxectivo fomentar o emprendemento das rapazas de secundaria a través das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC). O programa está relacionado con varias iniciativas a nivel europeo, como o proxecto europeo “ICT-Go-Girls! Promoting Entrepreneurship Among Secondary School Girls through ICT”, no que participa a Secretaría Xeral de Igualdade, e o “Girls in ICT Day”, promovido pola International Telecommunication Union (ITU) a nivel internacional, dirixidos a dar visibilidade ao colectivo de mulleres emprendedoras no eido das TIC, así como ofrecer un espazo de intercambio e comunicación entre elas e as rapazas e rapaces dos institutos de secundaria de Galicia.

Así mesmo, no marco do Plan Proxecta desenvolveuse o proxecto “Donas de si”, que busca visibilizar e poñer en valor a participación e produción das mulleres na sociedade galega contemporánea.

Para a Secretaría Xeral da Igualdade resulta fundamental aproveitar o talento e a capacidade innovadora das mulleres novas mediante a súa incorporación aos estudos e profesións relacionados coas tecnoloxías da información e a comunicación.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 09:30
Nº Rexistro: 15939
Data envío: 11/09/2017 09:14:03.686

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 9:13:52



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:29
Nº Rexistro: 15979
Data envío: 11/09/2017 12:29:44.870

Data 11/09/2017 12:29

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 9059**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Populares de Galicia, a iniciativa de don César Manuel Fernández Gil e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“Sobre a valoración da Secretaría Xeral da Igualdade respecto das consecuencias derivadas da sentenza xudicial referida ao Centro de Información á Muller de Ponte Caldelas.”**, (publicada no BOPG número 117 do 24 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral da Igualdade**, que ten o seguinte contido:

“Os Centros de Información á Muller (CIM) constitúen instrumentos dunha importancia decisiva no ámbito local na promoción da igualdade e na prevención da violencia de xénero, xa que prestan unha atención de proximidade inestimable ás persoas que demandan o seu servizo, principalmente nos ámbitos xurídico, psicolóxico e de información de acceso aos recursos dispoñibles.

Por estes motivos, a Xunta de Galicia rexeitou no seu día a decisión do concello de Ponte Caldelas de pechar o seu CIM e despedir ás profesionais que alí prestaban un servizo fundamental a mulleres en situación de vulnerabilidade, que foron vítimas de violencia de xénero ou que se atopaban en risco de sufrir esta situación.

Desde a Xunta de Galicia instouse ao alcalde de Ponte Caldelas en distintas ocasións a reverter esa situación. Agárdase que a resolución xudicial faga mudar a postura da Alcaldía.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

ina 1 de 1

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 12:29
Nº Rexistro: 15979
Data envío: 11/09/2017 12:29:44.870

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 12:29:36



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 2632**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Isabel Romero Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración polo Goberno galego sobre a repercursión para Galicia do Ano Xubilar Extraordinario da Misericordia.”**, (publicada no BOPG número 44 do 13 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O Ano Xubilar Extraordinario da Misericordia resultou, no eido turístico, unha experiencia moi positiva para Galicia no seu conxunto ao traer consigo unha maior proxección nacional e internacional da Comunidade galega e ao conseguir cifras históricas tanto no número de turistas como no número de peregrinos.

O feito de que a Catedral de Santiago abrise por expreso desexo do Papa Francisco a Porta Santa fóra dun Ano Santo constituíu un importante reclamo tanto para o Camiño de Santiago como para Compostela e Galicia en xeral. Porque impulsou as boas cifras que Galicia viña rexistrando tanto no que respecta á chegada de peregrinos como de turistas, contribuíndo así a continuar conseguindo máximos históricos no sector turístico.

Durante as conmemoracións do Ano Xubilar Extraordinario da Misericordia, entre xaneiro e novembro de 2016, máis de 271.000 peregrinos recolleron a Compostela, o que supuxo todo un récord para a Ruta Xacobeá. E, nos meses seguintes, a tendencia á alza mantívose, rematando o ano 2016 con máis de 277.000 peregrinos, a cifra máis alta rexistrada fóra dun Ano Santo.

E, no que se refire á demanda turística, durante a celebración do Ano Xubilar Extraordinario da Misericordia, Galicia rexistrou nos nove primeiros meses do ano unha subida de máis dun 7% no que se refire a viaxeiros aloxados e de 9% en relación ás pernoitas acadando máximos históricos con máis de 4 millóns de turistas e máis de 8,4 millóns de pernoitas.

Neste contexto, Turismo de Galicia organizou con éxito unha programación de actividades culturais, artísticas e sociais, así como actuacións de investigación, iniciativas relacionadas co desenvolvemento turístico e a acollida ao peregrino. Todas elas dirixidas tanto aos galegos como aos turistas e peregrinos que visitaron a Comunidade galega durante a celebración do Ano Xubilar Extraordinario da Misericordia.

Incluíronse iniciativas como a exposición ‘Galicia, casa dos peregrinos’; a mostra itinerante ‘Acollida e hospitalidade no Camiño de Santiago’ que recorreu diversas cidades galegas e inglesas ou a exposición ‘Via Lacobitana’ que puido verse en distintos destinos nacionais. O programa de actividades tamén estivo composto por programas musicais como o ciclo ‘Latitudes’ ou ‘Música no Camiño’, o ciclo ‘CONferencias con SOLIDARIEDADE’, entre outras.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:49
Nº Rexistro: 16321
Data envío: 13/09/2017 13:49:25.700

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:49:20



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 2634**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Isabel Romero Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a participación de Turismo de Galicia en acontecementos nacionais e internacionais relativos á comercialización e promoción do segmento turístico de negocios.”**, (publicada no BOPG número 44 do 13 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O turismo de negocios é de grande interese para o Goberno galego pola súa capacidade desestacionalizadora e porque os participantes neste tipo de eventos adoitan ser persoas cunha gran capacidade de gasto. Resposta, ademais, á estratexia turística de Galicia baseada na procura da especialización e a oferta de produtos diferenciados como destino.

Desde a Xunta de Galicia entendemos que este mercado, ben fidelizado, e ofrecéndolle unha oferta adecuada de aloxamento, restauración e lecer, pode ser susceptible de repetir a súa viaxe fóra do ámbito laboral. E é por iso polo que na Estratexia turística de Galicia, este tipo de turismo ocupa un lugar central como nicho de mercado potencial a explotar.

Promocionamos o destino Galicia asociado aos negocios e congresos de diversos xeitos, entre eles, coa participación en feiras especializadas. Destaca a participación de Galicia na Feira IMEX, unha das mais prestixiosas do Turismo de Congresos, Reunión e Incentivos do panorama internacional que se celebra en Alemaña; no Salon Meedex e o ILTM, ambos en Francia; na Feira TTG Incontrì, en Italia, ou na Feira IBTM, en Barcelona.

E xunto a feiras, Turismo de Galicia asiste todos os anos a Workshops de Congresos e Turismo MICE para os mercados europeo, especialmente británico e francés, ruso, e o mercado internacional.

Son todas elas citas claves nas que Galicia está a demostrar que se pode promocionar como destino axeitado para o turismo de negocios, un nicho de mercado en alza dentro do turismo

que permite un crecemento sustentable e de calidade para as cidades galegas, ao mesmo tempo que tamén potencia o turismo urbano.

É por iso polo que o Goberno galego traballa, ademais, no fomento da promoción conxunta de Galicia como destino MICE, buscando sinerxias entre os pazos de congresos e recintos feirais co tecido socioeconómico das cidades con plantas hoteleiras suficientes como para dar cabida a eventos de importancia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:49
Nº Rexistro: 16319
Data envío: 13/09/2017 13:49:06.419

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:49:02



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 2636**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Isabel Romero Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración polo Goberno galego da participación de Galicia nas feiras nacionais e internacionais de turismo náutico.”**, (publicada no BOPG número 44 do 13 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia participa ao longo do ano nos salóns náuticos máis importantes e coñecidos de Europa. En concreto, no Gran Pavois e no Salón Nautique de París, ambos en Francia e, este ano por primeira vez no Southampton Boat Show, en Reino Unido.

O Goberno galego promove así internacionalmente o seu turismo náutico e as actividades das instalacións náutico recreativas galegas en dous mercados de gran relevancia para o turismo galego e con forte interese nesta oferta.

A participación nestes salóns resulta moi positiva, pois permite o establecemento de contactos e relacións comerciais cos profesionais e empresarios do sector que visitan o stand de Galicia. Ademais, lévanse a cabo encontros institucionais e presentacións públicas para difundir o potencial da náutica galega, que fai de Galicia un destino atractivo durante todo o ano polas súas boas condicións de navegabilidade ou mesmo para a hibernaxe de barcos e o aluguer de amarres.

O turismo náutico contribúe deste xeito á especialización e diversificación da oferta, en liña coa Estratexia do turismo de Galicia 2020. Así mesmo, capta un turismo de calidade e sustentable que afonda na desestacionalización da demanda turística.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

paxina 2 de 2

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:48
Nº Rexistro: 16317
Data envío: 13/09/2017 13:48:48.825

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:48:45



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 4537**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Cristina Isabel Romero Fernández e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“os certames de promoción e comercialización do sector turístico nos que vai participar Galicia desde febreiro ata finais de 2017, así como o mercado potencial de cada un deles.”**, (publicada no BOPG número 66 do 15 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A promoción do destino Galicia é unha das principais liñas de traballo do Goberno galego e, para iso, empregamos efectivas ferramentas como publicidade, folletos turísticos, redes sociais, pero tamén coa nosa participación en diversas feiras do sector, tanto nacionais como internacionais, co obxectivo de establecer relacións con potenciais clientes ademais de promocionar o destino.

Porque no Goberno galego somos conscientes de que a estratexia da participación en feiras xa non se cingue só á promoción, senón tamén á crecente importancia da comercialización e a creación de redes de contactos neste tipo de certames sectoriais.

E é por iso tamén esta unha das liñas estratéxicas para o turismo presente e futuro para os vindeiros anos, que está englobada na Estratexia do turismo de Galicia 2020, a folia de ruta do turismo galego que pretende acompañar o crecemento sustentable e ordenado de visitantes ata chegar aos seis millóns en catro anos, así como fortalecer a rendibilidade do sector e posicionar Galicia como un destino cada vez máis competitivo.

Por iso, e na procura da especialización e diferenciación, traballamos para afondar no coñecemento de determinados mercados, polo que o turismo galego se promociona en feiras centradas en recursos, tecnoloxías ou produtos diferenciados. O obxectivo é o de atraer a un mercado potencial interesado por Galicia en todas as súas vertentes.

No calendario de feiras para 2017, Turismo de Galicia participa nun total de 14 de ámbito nacional e 24 de ámbito internacional. En concreto, no primeiro semestre do ano, o turismo galego promocionouse xa en certames nacionais como Fitur, en Madrid; o Salón Internacional de Gastronomía e Turismo, Xantar, en Ourense; Navartur, en Pamplona; a Feira Internacional de Turismo Ornitolóxico Fio, en Extremadura; Sevatur, en San Sebastián; Unigolf, en Madrid; B-Travel, en Cataluña; Expovacaciones en Bilbao ou Turexpo en Silleda. E tamén participará ata finais de ano en Termatalia, centrada no

turismo termal e de saúde, e en Sportur en Ourense; en Unibike, en Madrid; no Delta Birding Festival, no Delta do Ebro ou na Feira de Turismo Interior Intur, en Valladolid.

No eido internacional, Turismo de Galicia tamén participa nas principais citas do turismo internacional como a Vakantiebeurs, en Holanda; Ferien Messe, en Austria; Matka, en Finlandia; Holiday World Show, en Irlanda; Salon des Vacances, en Bélxica; Free e ITB en Alemaña ou a Ferie for Alle, en Dinamarca. A MITT de Moscú; o Salón Mondial du Tourisme en París; a WTM Latin America de Brasil; a Mundo Abreu de Lisboa; a Jata Tourism Expo Japan, de Xapón; a International Tourism & Travel Show de Canadá; a CITM de China, a Word Travel Market de Londres ou Festuris en Brasil, son outras das citas internacionais do calendario do turismo galego para este ano.

E tamén estará presente en feiras sectoriais para atraer a un mercado potencial atraído polo turismo relixioso co Camiño de Santiago e o fenómeno xacobeo como principal recurso internacional, en citas sectoriais como Koiné, en Italia; Expocatólica en Sau Paulo ou SacroExpo, en Polonia. Do mesmo xeito, no eido do turismo náutico, Galicia promocionarase na Southampton Boat Show, do Reino Unido; a Grand Pavois, de Francia ou no Salon Nautique de París e en relación ao turismo ornitolóxico o fará na Birdfair, no Reino Unido.

En todas elas, o Goberno galego leva a cabo unha promoción directa do destino Galicia. Dá a coñecer, ademais, os principais produtos e experiencias turísticas que ofrece, posibilitando a difusión mundial dos valores turísticos da Comunidade galega.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:31
Nº Rexistro: 16295
Data envío: 13/09/2017 13:31:15.865

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:31:11



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:16
Nº Rexistro: 16277
Data envío: 13/09/2017 13:16:05.969

Data 13/09/2017 13:15

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 5543**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco, e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a situación na que se atopa o proxecto de creación de pasos inferiores e accesos nos cruzamentos do Camiño de Santiago coa estrada N-547 en diversos concellos da Coruña e Lugo, os prazos establecidos para a súa construción e as previsións ao respecto.”**, (publicada no BOPG número 76 do 2 de marzo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“A seguridade viaria no Camiño de Santiago abórdase a través da Comisión de Seguridade Viaria do Camiño de Santiago, que foi constituída en xullo de 2015 e está promovida pola Delegación do Goberno en Galicia.

Trátase dunha comisión de carácter multidisciplinar na que actúa o Ministerio de Fomento e da que forma parte a Xunta de Galicia para a mellora viaria no Camiño de Santiago.

Nunha das últimas reunións desta Comisión, celebrada en febreiro de 2017, deuse conta dos distintos traballos levados a cabo nas catro provincias galegas.

No que confire a Turismo de Galicia, informouse dos traballos levados a cabo por Turismo de Galicia da súa competencia, referentes ás obras de sinalización e melloras no Camiño para a súa adaptación e delimitación oficial, coa creación de diversas sendas como a de Pedrafita que aparta aos peregrinos da estrada. Tamén se informou dos traballos para asegurar o acondicionamento das distintas rutas xacobeas, así como as medidas de prevención e concienciación entre os peregrinos en materia de seguridade viaria co reparto de cubremochilas reflectoras.

No que confire á competencia do Ministerio de Fomento, este departamento informou das súas actuacións recordando que realizou unha mellora da sinalización vertical nos puntos máis conflictivos de cruzamento de peregrinos do Camiño Francés coa estrada estatal N-547. Neste punto limitouse a velocidade nos puntos de cruzamento do Camiño de Santiago e se implantaron

sinais con leds de advertencia de perigo polo cruzamento de peóns e peregrinos, reforzando así a sinalización preexistente.

Nesa mesma reunión do mes de febreiro de 2017, Fomento tamén deu conta de que nos puntos de confluencia da estrada estatal N-547 co Camiño atópase en fase de tramitación o proxecto para a construción de pasos inferiores e accesos no cruzamento do Camiño de Santiago con N-547 seis puntos quilométricos de especial tráfico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:16
Nº Rexistro: 16277
Data envío: 13/09/2017 13:16:05.969

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:16:01



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7248**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e José Manuel Pérez Seco, sobre **“os datos referidos ás inspeccións realizadas no ano 2016 nos albergues turísticos e públicos existentes en cada una das provincias galegas, especificadas por concellos.”**, (publicada no BOPG número 97 do 6 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Durante o pasado ano 2016, os servizos de inspección turística da Xunta de Galicia realizaron un total de 237 inspeccións nos albergues turísticos de Galicia. Estas distribúense do seguinte xeito: 107 inspeccións na provincia da Coruña, 81 en Lugo, 9 en Ourense e 40 na provincia de Pontevedra.

No referido aos albergues de titularidade pública, cómpre sinalar que, de acordo co artigo 53.2 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, quedan excluídos do ámbito de aplicación desta norma os albergues de peregrinos de titularidade pública que se rexen polas súas normas específicas, polo que nestes non se realizaron actuacións por parte dos servizos de inspección turística da Xunta de Galicia.

En canto ás conclusións das inspeccións, estas son moi variables. Hai albergues de moi boa calidade que respectan a normativa e ofrecen un bo servizo ao peregrino e outros que, pola contra, ofertan exceso de prazas ou cometen deficiencias nos servizos. Estes últimos son sempre requiridos para que subsanen os seus fallos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: b515dc70-e6b8-84a9-9363-99dd7092c087

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:10
Nº Rexistro: 16268
Data envío: 13/09/2017 13:10:24.357

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:10:19



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7253**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Abel Fermín Losada Álvarez e don José Manuel Pérez Seco, sobre **“os datos referidos aos albergues turísticos existentes en cada una das provincias galegas, especificados por concellos, e o número de turistas aloxados neles, así como nos albergues públicos no ano 2016.”**, (publicada no BOPG número 97 do 6 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“Durante o pasado ano 2016, os servizos de inspección turística da Xunta de Galicia realizaron un total de 237 inspeccións nos albergues turísticos de Galicia. Estas distribúense do seguinte xeito: 107 inspección na provincia de A Coruña, 81 en Lugo, 9 en Ourense e 40 na provincia de Pontevedra.

No referido aos albergues de titularidade pública, cómpre sinalar que, de acordo co artigo 53.2 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do turismo de Galicia, quedan excluídos do ámbito de aplicación desta norma os albergues de peregrinos de titularidade pública que se rexen polas súas normas específicas, polo que nestes non se realizaron actuacións por parte dos servizos de inspección turística da Xunta de Galicia.

En canto ás conclusións das inspeccións, estas son moi variables. Hai albergues de moi boa calidade que respectan a normativa e ofrecen un bo servizo ao peregrino e outros que, pola contra, ofertan exceso de prazas ou cometen deficiencias nos servizos. Estes últimos son sempre requiridos para que subsanen os seus fallos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:09
Nº Rexistro: 16265
Data envío: 13/09/2017 13:09:44.451

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:09:39



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 7684**, formulada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona María Ángeles Antón VilaSánchez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a valoración do Goberno galego respecto da elección pola Deputación Provincial da Coruña da estación de esquí de Leitariegos, en León, para realizar a Campaña de Esquí para o ano 2017 e o desbote para ese fin da Estación de Montaña de Cabeza de Manzaneda, en Ourense.”**, (publicada no BOPG número 102 do 21 de abril de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Secretaría Xeral para o Deporte**, que ten o seguinte contido:

“A Deputación Provincial da Coruña é a institución pública que presta servizo aos 93 concellos da provincia da Coruña, polo tanto é a entidade encargada do órgano de goberno e administración da provincia coruñesa. Como institución pública que é ten os seus propios criterios e protocolos de actuación para levar a cabo a política provincial polo que habería que preguntar á Deputación Provincial da Coruña, gobernada en minoría polo PSdeG co apoio do BNG, da Marea Atlántica e de Alternativa dos Veciños, por que prefire conceder un contrato a unha estación de esquí situada noutra comunidade diferente a Galicia cando na nosa propia comunidade dispoñemos dunha das mellores e pioneiras estacións de esquí do panorama nacional como é Manzaneda. Desde a Xunta de Galicia entendemos que, case sempre, cando existe un goberno en minoría en lugar de deixar gobernar á lista máis votada (o PPdeG conta na Deputación con 13 deputados) prodúcense erros de xestión deste tipo.

Desde o Goberno galego confiamos ao 100% nas posibilidades das infraestruturas galegas e consideramos que os recintos deportivos dos que dispoñemos en Galicia ben sexan de titularidade autonómica ou municipal, contan con todas as garantías para acoller calquera evento de primeira categoría. Deste xeito, a estación de esquí de Manzaneda, na que a Xunta de Galicia participa maioritariamente xunto á Deputación Provincial de Ourense e aos concellos de Pobra de Trives e Manzaneda, é como xa apuntamos unha excelente estación de esquí do panorama nacional cunha ampla oferta deportiva e lúdica tanto en inverno como en verán xa que a Xunta de Galicia leva tempo apostando pola desestacionalización. Deste xeito,

a estación de esquí de Manzaneda conta con diversas actividades que permiten o seu funcionamento durante todo o ano. Ademais do esquí dispón de: campos de fútbol de herba, pistas de tenis, circuío de karts, hípica, mountain bike, piscina climatizada, pista polideportiva exterior e pavillón cuberto multiusos con ximnasio, Tirolina Xigante e Parque Multiaventura.

No que atinxe á práctica do esquí, Manzaneda conta cunha gran extensión de pistas (17 km), 23 pistas homologadas de esquí alpino de diversas dificultades, un circuío de 5 km para esquí de fondo; e un Snow Park (XabaPark) con diferentes módulos. A estación complétase con 4 telesquíes e dous modernos telesillas de catro e seis prazas que permiten desprazar a 7.600 esquiadores/hora. Tamén dispón de escola de esquí, para aqueles que queiran iniciarse ou perfeccionar a súa técnica e tamén dispón dun renovado servizo de aluguer de material de esquí e snowboard.

A Xunta de Galicia segue a realizar unha forte aposta pola modernización da estación de esquí de Manzaneda como o demostran os investimentos no complexo como o contrato de innivación, xa adxudicado, que a partir duns canóns de neve permitirá que a estación sexa máis competitiva nos meses de inverno.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:08
Nº Rexistro: 16263
Data envío: 13/09/2017 13:08:44.450

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:08:40



RS/ms

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 8285** formulada polo Grupo Parlamentario de En Marea, a iniciativa de dona Luca Chao Pérez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns do Goberno galego para non asistir á xuntanza levada a cabo o 16 de xaneiro de 2017 en Ferrol para tratar de evitar o peche da sede da galería de Sargadelos na cidade e as medidas que vai adoptar para salvagardar o legado de Isaac Díaz Pardo”**, (publicada no BOPG número 110 do 4 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“A Biblioteca de Galicia custodia, en réxime de comodato desde 2011, o legado documental recompilado e realizado por Isaac Díaz Pardo, un dos máis insignes persoeiros da cultura galega do século XX.

Dentro deste legado, o fondo documental de Camilo Díaz Baliño é un dos máis destacados. Trátase do material reunido por Díaz Pardo relacionado con seu pai, Camilio Díaz Baliño, falecido en 1936. Conta cunha pequena biblioteca persoal, 10 álbums elaborados por Camilo Díaz que recollen toda a súa actividade profesional en América como escenógrafo, ao redor de 200 fotografías, debuxos e relatos orixinais, ademais dun centenar de cartas e documentos persoais, entre os que se atopa o documento orixinal do xuíz que dá conta da morte do seu pai.

Gran parte deste material foi dixitalizado pola Biblioteca de Galicia, en colaboración con Telefónica, durante o ano 2012. O resultado foi a catalogación de 50 unidades documentais e a conversión a formato dixital de máis de 1.700 páxinas.

Con motivo da entrada en dominio público da obra de Camilo Díaz Baliño e tamén para conmemorar o aniversario da morte de Díaz Pardo, a Biblioteca de Galicia puxo a

paxina 1 de 2

disposición de todos os usuarios e usuarias, a comezos de 2017, este fondo documental de grande importancia para o estudo e a investigación da historia e da cultura galegas.

Ademais, para lle achegar o legado pictórico de Díaz Pardo á cidadanía, o Museo de Belas Artes incorporou este ano á súa colección a obra 'O discurso', de Isaac Díaz Pardo, que lle foi cedido pola Deputación da Coruña. Deste xeito, o museo autonómico enriquece e completa a presenza de Díaz Pardo na súa colección."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 13:20
Nº Rexistro: 16003
Data envío: 11/09/2017 13:20:07.077

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 13:19:57



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 8497**, formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da demora e as previsións do Goberno galego respecto da achega dalgún apoio económico e institucional ao Concello de Cambados para realizar as actividades derivadas do nomeamento desa vila como Cidade Europea do Viño 2017, así como os criterios que está a seguir para colaborar en eventos deste nivel.”**, (publicada no BOPG número 113 do 11 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia** que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia, dentro do seu compromiso coa promoción turística de Galicia como motor de desenvolvemento económico e xerador de benestar social, mantén una colaboración fluída e constante coas diferentes administracións públicas e co propio sector. Non podería ser doutro xeito nun eido tan relevante para a economía e a imaxe de Galicia a nivel internacional. Esta cooperación dáse tamén, e dun xeito moi relevante, co Concello de Cambados, tal e como se pon de manifesto a través dos distintos convenios asinados no último ano para traballar por obxectivos comúns e de interese xeral. Isto é así sempre e en calquera circunstancia que se presente.

A distinción de Cambados como Capital Europea do Viño 2017 é, sen dúbida, unha boa noticia da que todos nos alegamos porque supón un recoñecemento aos viños das Rías Baixas, que teñen na Festa do Albariño deste concello pontevedrés a festa vitivinícola máis antiga de Galicia. Desde a Xunta vimos apoiando esta celebración ano a ano como vehículo de difusión dun dos emblemas da nosa cultura e, ao mesmo tempo, motivo de prestixio e de atracción de visitantes, que atopan neste recurso un forte valor engadido e que nos axudan a conservar as nosas tradicións.

De aí que neste 2017, desde a Xunta de Galicia volvéramos asinar un convenio co Concello de Cambados para apoiar a Festa do Viño Albariño, que goza da distinción de Interese Turístico Nacional e que ocupa un lugar moi relevante na nosa política turística. A través deste acordo, colaboramos na súa promoción, contribuíndo a súa consolidación e a consolidación de Cambados como destino enolóxico, unha oferta onde ocupa unha posición moi destacada, con proxección e notoriedade non só en Galicia, senón en numerosos países, e que desestacionaliza a nosa demanda.

Cambados forma parte, así mesmo, da Mancomunidade do Salnés, a cuxos fins contribúese desde a Xunta de Galicia a través doutros convenios paralelos, que se suman ao asinado co propio Concello. Precisamente un dos convenios en vigor este 2017 impulsa accións de promoción en mercados internacionais co obxectivo de potenciar o turismo na comarca e consolidar un destino máis competitivo. Unha das accións máis salientables desde convenio é, precisamente, a encamiñada a acadar a declaración da Festa do Albariño como Festa de Interese Turístico Internacional, coa repercusión que esta distinción xeraría. Para logralo, o acordo inclúe numerosas iniciativas como un press-trip, ademais da promoción en mercados internacionais. Así, pódense enumerar as presentacións levadas a cabo en Rusia, Kiel (Alemaña) ou Nápoles, ademais das accións de promoción en Reino Unido ou a presentación do destino para periodistas de mercados internacionais e touroperadores en Madrid.

Non é o único convenio impulsado desde o Goberno galego no que Cambados e os seus recursos enolóxicos teñen presenza. Aos anteriores débese engadir o acordo bianual co xeodestino que afonda na internacionalización da comarca, en accións de marketing, deseño de produtos turísticos, promoción e comercialización, entre outros fins que rodean á celebración de Cambados como Capital Europea do Viño.

Á vista do indicado, é máis que evidente o decidido apoio da Xunta a esta distinción, que fai de Cambados un referente do enoturismo, un dos produtos de cabeceira cos que Galicia preséntase nas numerosas feiras internacionais nas que participa ao longo de todo o ano e en calquera evento no que o albariño é o protagonista.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:05
Nº Rexistro: 16256
Data envío: 13/09/2017 13:05:39.418

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:05:34



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 8692**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“o número de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico existentes en Galicia na data de entrada en vigor do Decreto 12/2017, a opinión do Goberno galego en relación co impacto da súa redacción na regulación do mercado actual e as razóns para modificar o criterio no referido ao alugamento por habitacións, así como a súa posición no tocante ao requirimento da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia ao respecto.”**, (publicada no BOPG número 116 do 19 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O Estado modificou en 2013 a Lei de Arrendamentos Urbanos, obrigando as CCAA a que exerzan a súa competencia exclusiva para a regulación de vivendas de alugueiro de uso turístico.

O cambio produciuse como consecuencia da irrupción das novas tecnoloxías no aluguer de vivendas vacacionais ou de temporada, agora denominadas Vivendas de Uso Turístico, poñendo a disposición de millóns de propietarios e consumidores un instrumento, a través de internet, para a venda, de uso sinxelo e alta eficiencia.

Así, o novo decreto é necesario debido á proliferación nos últimos tempos da tendencia de alugar ilegalmente por días ou semanas a vivenda habitual para uso turístico.

En definitiva, o obxectivo desta nova norma é erradicar as problemáticas vinculadas a esta práctica de aluguer de vivendas vacacionais ou de temporada.

Deste xeito, o Decreto de Vivendas de uso Turístico ofrecerá un marco e seguridade xurídica tanto aos particulares como a todo o sector turístico no marco deste novo tipo de aluguer.

No momento da súa entrada en vigor, o pasado 10 de maio, estaban rexistrados un total de 217 apartamentos turísticos e 214 vivendas turísticas.

En canto ao aluguer por habitacións, sinalar que a Lei de Arrendamentos Urbanos especifica que as Comunidades Autónomas poderán regular sobre o uso turístico da totalidade dunha vivenda.

O decreto autonómico que regula as vivendas de uso turístico parte desta afirmación, excluindo do que se considera turístico, é dicir, o arrendamento dúas veces ou máis ao ano por períodos inferiores a 30 días, o aluguer por habitacións.

Esta posibilidade de aluguer por estancias ten o seu encadre na tipoloxía das pensións.

No que respecta ao requirimento da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia (CNMC), a Xunta de Galicia vén de dar unha resposta formal ao mesmo.

Nela xustifícanse pormenorizadamente cada unha das consideracións presentadas pola CNMC a quen solicita a desestimación deste requirimento.

O escrito recorda que este novo decreto non restrinxa a competencia entre empresas, senón que ordena unha actividade que comezou a proliferar nos últimos anos e que consiste en alugar por días ou semanas a vivenda residencial para fins turísticos.

Ademais, sinala que a Administración abordou a regulación desta actividade coa esixencia dun mínimo de requisitos que permitan prestar servizo ás persoas usuarias coa garantía de calidade e protección ao consumidor.

No escrito aclárase, tamén, que o aluguer de vivendas que non sexan consideradas de uso turístico segundo os criterios do decreto non está prohibido, senón que se trataría dunha actividade sometida á normativa que, segundo o caso, resulte aplicable (Lei de Arrendamentos Urbáns, Código Civil...). Polo tanto, estas non poderán publicitarse como servizo turístico para evitar confusión ás persoas usuarias e consumidoras.

Por outra parte, reflicte que o decreto non establece limitación ningunha, senón que se cingue a deixar a salvo as competencias municipais.

Así mesmo, tamén recorda que no decreto defínense as vivendas de uso turístico establecendo que debe cederse na súa totalidade a terceiras persoas. Polo tanto, esta cesión total é un requisito que debe cumprir unha vivenda para ser calificada como vivenda de uso turístico.

Ademais, aclárase, por un lado, que o exercicio da actividade artículase a través da presentación dunha declaración responsable, de acordo co establecido na Lei de Turismo de Galicia que habilita para o exercicio da actividade dende o momento da súa presentación. Por outro lado, en



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:03
Nº Rexistro: 16253
Data envío: 13/09/2017 13:03:53.448

canto aos requisitos e servizos, as vivendas de uso turístico só se lles esixe un mínimo de requisitos a cumprir, que respostan aos principios de necesidade e de proporcionalidade e tamén se recorda que estes requisitos contidos no decreto galego son considerablemente inferiores aos recollidos noutros decretos autonómicos.

Finalmente, a resposta da Administración autonómica ante o requirimento da CNMC recorda que, coa intención de promover a unidade de criterio e excluír calquera dúbida na aplicación do decreto publicouse o pasado 10 de maio no DOG unha instrucción interpretativa na que se recollen unha serie de criterios de carácter obxectivo e xeral que deberán ser seguidos polo persoal empregado público. Unhas indicacións que tamén están recollidas na páxina web de Turismo de Galicia e no Portal de Transparencia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:03
Nº Rexistro: 16253
Data envío: 13/09/2017 13:03:53.448

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:03:48



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:07
Nº Rexistro: 16261
Data envío: 13/09/2017 13:07:15.700

Data 13/09/2017 13:07

RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 8841**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“a falta de adaptación ás necesidades reais dos concellos declarados turísticos e dos xeodestinos de Galicia do actual modelo de subvencións para a contratación de persoal nas oficinas de turismo, as previsións do Goberno galego respecto da revisión á alza do importe máximo da axuda concedida por entidade e a actuación que vai levar a cabo en relación coa diferenza existente entre o crédito orzamentario existente e o importe da subvención reflectido na resolución do 11 de abril de 2017.”**, (publicada no BOPG número 116 do 19 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno galego vén apostando nas últimas lexislaturas polo impulso ás oficinas municipais de turismo dos municipios declarados de interese turístico e xeodestinos colaborando con eles na contratación de persoal a través dunha liña de subvencións.

Trátase dunha iniciativa impulsada por este goberno que, nos anos que leva en marcha está a ter uns moi bos resultados. Porque deste xeito os concellos garanten o pleno rendemento das oficinas de turismo que son de competencia municipal, especialmente nos meses de maior afluencia turística cando, ao abeiro destas subvencións, poden ampliar persoal. Pero, ademais, o Goberno galego potencia no exterior a imaxe non só dos municipios de interese turístico e xeodestinos senón tamén da Comunidade autónoma no seu conxunto.

Estas axudas tramítanse baixo o réxime de concorrencia non competitiva, de xeito que as solicitudes recibidas no prazo establecido sexan atendidas respectando a súa orde de incoación, sen que se produza comparación entre elas, e ata o esgotamento do crédito dispoñible. A elección deste procedemento vén motivada pola propia natureza das axudas xa que a súa concesión unicamente a determina o cumprimento por parte das entidades solicitantes dos requisitos establecidos na propia resolución.

As subvencións contan cun crédito total de 300.000€, sen prexuízo de posteriores variacións producidas como consecuencia dunha maior dispoñibilidade orzamentaria, o que podería dar lugar á concesión de máis subvencións, de acordo coa orde de incoación dos expedientes. E para cada municipio ou xeodestino as actuacións subvencionables poderán acadar un máximo de axuda de 5.200€ por entidade beneficiaria. Trátase esta dunha cantidade que se optou por axustar desta maneira tendo en conta que o soldo medio dun informador turístico é de 1.733€, con Seguridade Social incluída, polo que é unha cantidade suficiente para que todos os municipios turísticos podan contar coa colaboración de Turismo de Galicia.

Na última convocatoria foron un total de 47 os destinos de Galicia os beneficiarios destas subvencións, o que supón 4 máis que na edición do ano pasado. Ademais, esta convocatoria presentaba como novidade a posibilidade de que, ademais dos concellos declarados municipios turísticos, puideran optar a estas axudas os 18 xeodestinos e subxeodestinos de Galicia.

Ao non esgotarse o importe máximo do crédito destinado a estas axudas, realizáronse distintas accións cos concellos, como por exemplo un convenio co concello de Monterrei para a realización de visitas guiadas e información turística na fortaleza de Monterrei ou o convenio coa mancomunidade de concellos do camiño francés para o desenvolvemento dun itinerario gastronómico e para outras actuacións de promoción turística.

Todos os concellos declarados foron beneficiados con esta subvención, e ademais hay que destacar os convenios que se firman con todos os xeodestinos de Galicia.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:07
Nº Rexistro: 16261
Data envío: 13/09/2017 13:07:15.700

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:07:09



RS/ff

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número 10167**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **“as razóns da Xunta de Galicia para establecer no decreto que regula os albergues a exixencia de lenzaría de tea como norma xeral imperativa para ese tipo de aloxamentos, as posibles repercusións na súa viabilidade económica e súa posible consideración como unha medida de competencia desleal cos albergues da rede pública, que non teñen esa obriga.”**, (publicada no BOPG número 129 do 15 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia de Turismo de Galicia**, que ten o seguinte contido:

“O decreto polo que se establece a ordenación dos albergues turísticos entrou en vigor en maio de 2016 coa intención de regulamentar esta modalidade de hospedaxe como un dos tipos de establecemento nos que se exerce a actividade turística de aloxamento. Establécense, ademais, os requisitos para a súa clasificación, así como o réxime para o exercicio de actividades e prestación de servizos.

Trátase dun decreto co que o Goberno galego pretende garantir a calidade e a imaxe de Galicia, que é especialmente importante tamén no caso dos albergues, dado o compoñente internacional do Camiño de Santiago. Ademais, dá resposta a un dos obxectivos estratéxicos do Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago, co que se busca a excelencia na experiencia dos peregrinos satisfacendo as súas necesidades e expectativas.

O que esixe a nova regulación non é máis que a necesidade de que o hóspede poida facer un uso inmediato da habitación contratada o que supón tanto que a cama conte con lenzaría, como que o baño dispoña de toalla para que esa persoa se poida asear e/ou duchar. Do mesmo modo, que é esixido nos decretos doutras Comunidades Autónomas.

Desde o Goberno galego, baseándonos nos usos habituais, na opinión dos expertos da inspección turística e de calquera turista usuario de albergues ou calquera tipo de establecemento de aloxamento, estimamos que a lenzaría de tea supón maior calidade e confort. Así mesmo, non supón un maior nivel de hixiene que o material sexa de celulosa ou tea.

Ademais, e en relación a se as camas deben estar previamente feitas ou deben ser feitas no momento da súa contratación polos usuarios, o decreto establece claramente que a contratación do aloxamento efectuarase en condicións e con equipamento, instalacións e servizos que permitan a súa inmediata utilización, polo que a responsabilidade do cumprimento deste precepto queda en mans do albergueiro, sen que en ningún caso poida supor menoscabo no servizo.

Ademais, de acordo coas estimacións realizadas pola Xunta de Galicia así como por diferentes albergueiros, non existe incremento de prezo polo feito de utilizar sabas de tea ou celulosa, os prezos polo lavado e pranchado de sabas de tea son similares ao de compra de sabas de celulosa desbotables. Do que se trata é de levar a cabo un cambio no sistema de mellora e calidade do servizo ao turista.

Finalmente, a mencionada esixencia si figura no decreto regulador toda vez que o artigo 24 obriga ao cambio da lenzaría, tanto dos cuartos como do baño, sempre que se trata dun mesmo usuario, xa que no caso de que o usuario sexa distinto deberá poñerse á súa disposición unha nova lenzaría sen usar por usuarios anteriores e responde ao feito de que esta lenzaría sexa de tea e non de celulosa.

Tampouco se trata dunha competencia desleal coa rede pública de albergues, xa que as condicións nas que se ofertan son, en moitos aspectos, diferentes ao privados e, ademais, a maioría dos albergueiros non aprecia competencia desleal na rede pública senón o elemento que posibilitou e favorece incluso o seu negocio.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:41
Nº Rexistro: 16213
Data envío: 13/09/2017 12:41:40.346

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 12:41:35



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 3727**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as máis, sobre **“a posición da Xunta de Galicia respecto da decisión do Goberno español de modificar os coeficientes redutores na idade de xubilación dos mariñeiros que pescan en augas internacionais”**, (publicada no BOPG número 55, do 30 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno central buscou unha solución e mantivo o coeficiente redutor de xubilación dos tripulantes de buques palangreiros e arrastreiros de altura e grande altura, de xeito que non teñan que prolongar a idade de xubilación.

Os contactos entre a Xunta de Galicia co Goberno central establecéronse tan pronto como se deu traslado por parte do sector sobre este problema:

- En febreiro de 2016, a secretaria xeral técnica da Consellería do Mar reuniuse por primeira vez en Madrid con representantes da Dirección Xeral da Mariña Mercante e do Instituto Social da Mariña para abordar este asunto e dende entón non cesaron os contactos co Goberno Central para que as consideracións de Galicia fosen tidas en conta.
- En outubro de 2016 tivo lugar outra reunión en Madrid entre representantes da Consellería do Mar co Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, o Ministerio de Empleo y Seguridad Social e o Ministerio de Fomento. Nela fíxose balance do asunto e nela o Goberno central anunciou que estaba traballando nunha solución inmediata.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16352
Data envío: 13/09/2017 14:22:33.338

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 14:22:28



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 3735**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as máis, sobre **“o proceso de regularización de embarcacións pesqueiras en Galicia”**, (publicada no BOPG número 55, do 30 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O proceso de regularización de embarcacións non é algo novidoso e restrinxido aos últimos tempos: comezou en 2007 (hai case dez anos) coa publicación da Lei 9/2007. Con esta norma quedaban fóra, entre outras, moitas embarcacións que foran valoradas negativamente en base ao informe asinado pola Secretaría General do Mar por considerar que xa foron obxecto de regularización ao abeiro dunha instrución de servizo da Dirección General da Mariña Mercante en 1999. Isto deixaba fóra do proceso a 1.466 embarcacións.

Para acoller a expedientes que non se puideron regularizar polo procedemento anterior, publicouse a Lei 35/11 de explotacións agrarias compartidas que engade un Título VI á Lei 3/2001, de 26 de marzo, de Pesca Marítima do Estado chamado ‘Regularización de buques pesqueros en el Censo de la Flota Pesquera Operativa y en el Registro de Buques y Empresas Navieras’, para acoller ás embarcacións que, segundo o art. 110º da Lei de Pesca Marítima do Estado:

‘hubieran presentado en plazo la solicitud de regularización en el marco de la Ley 9/2007, de 22 de junio, sobre regularización y actualización de inscripciones de embarcaciones pesqueras en el Registro de Buques y Empresas Navieras y en el Censo de la Flota Pesquera Operativa, y no fueron admitidas a trámite o hubieran sido desestimadas en virtud de lo establecido en el artículo 3 de la citada Ley. Este procedimiento será de aplicación a los expedientes instruidos y pendientes de aportación de bajas o resueltos cuya eficacia quedó demorada hasta el momento de la aportación de bajas’.

É dicir, podíanse acoller aquelas que foran desestimadas pola IS8/99 de Capitanía, aos de eficacia demorada... é dicir, que dos 1.466 expedientes que quedaron sen regularizar na Lei 9/2007, permitía que se acolleran 1.128 embarcacións.

Cando se fala de regularización actualmente e se cita a Lei 9/2007, hai que citar varias leis e decretos que se viñeron desenvolvendo ao longo destes dez anos, tamén a Lei 35/2011 (antes mencionada), o Real decreto 1081/2012 que desenvolvía a Lei 35/2011 e a Lei 33/2014, do 26 de decembro, pola que se modifica a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de Pesca Marítima do Estado, que precisamente derroga o Título VI que se engadira coa Lei 35/2011, así como tamén derroga a Lei 9/2007

En conclusión, das embarcacións que se declararon irregulares nos procesos da Ley 9/2007 e Real decreto 1081/2012, **quedan por regularizar 478**. As causas principais foron: non presentar a embarcación ás medicións de Capitanía por parte do interesado, non presentar en prazo ao abeiro da Ley 9/2007, non presentar en prazo ao abeiro do Real decreto 1081/2012.

De todos modos, actualmente **existe un proceso de regularización permanente** ao abeiro do art. 55º do Real decreto 1586/2012 polo que se modifica o Real decreto 1549/2009, relativo á ordenación do sector pesquero y adaptación al Fondo Europeo de Pesca, no que interveñen o Ministerio e a Capitanía Marítima e no que a Consellería, segundo establece ese Real decreto, non ten intervención activa. A data 2.02.2016, foron **75** as embarcacións que se regularizaron en Galicia ao abeiro dese artigo, **quedando neste intre menos de 400 barcos sen regularizar.**”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16358
Data envío: 13/09/2017 14:23:56.854

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 14:23:52



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 3729**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e outros/as deputados/as máis, sobre **“as xestións que ten feito a Xunta de Galicia en relación coa reclamación do colectivo social Long Hope, ante o Estado de Noruega, do recoñecemento do dereito a percibir as súas pensións de xubilación ou que se lles devolvan os impostos recadados”**, (publicada no BOPG número 55, do 30 de xaneiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta de Galicia ofreceu un acordo de colaboración á asociación Long Hope por importe de 70.000 €. Este acordo que se lle ten ofrecido recolle a maioría das discrepancias que os mariñeiros reclamaron nas xuntanzas que mantiveron coa Consellería do Mar.

O Goberno de Galicia tivo vontade de chegar a un acordo co colectivo, co fin de axudalos na reclamación do seu dereito a percibir unha pensión por ter traballado na frota norueguesa. É de xustiza que reciban unha prestación por ter pagado os seus impostos no país nórdico.

A Xunta de Galicia mantivo unha relación fluída e frecuente co Goberno central para coñecer a situación destes mariñeiros e as posibilidades de actuación para reclamar os seus dereitos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16351
Data envío: 13/09/2017 14:22:23.682

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 14:22:12



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 3986**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Paula Quinteiro Araújo e outros/as deputados/as máis, sobre **“as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para evitar o impacto nos dereitos de xubilación dos mariñeiros galegos das modificacións que se están a tramitar na normativa europea, así como a decisión do Goberno español de modificar de oficio os coeficientes redutores na idade de xubilación dos mariñeiros que pescan en augas internacionais”**, (publicada no BOPG número 59, do 3 de febreiro de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“O Goberno central buscou unha solución e mantivo o coeficiente redutor de xubilación dos tripulantes de buques palangreiros e arrastreiros de altura e grande altura, de xeito que non teñan que prolongar a idade de xubilación.

Os contactos entre a Xunta de Galicia co Goberno central establecéronse tan pronto como se deu traslado por parte do sector sobre este problema:

- En febreiro de 2016, a secretaria xeral técnica da Consellería do Mar reuniuse por primeira vez en Madrid con representantes da Dirección Xeral da Mariña Mercante e do Instituto Social da Mariña para abordar este asunto e dende entón non cesaron os contactos co Goberno Central para que as consideracións de Galicia fosen tidas en conta.
- En outubro de 2016 tivo lugar outra reunión en Madrid entre representantes da Consellería do Mar co Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, o Ministerio de Empleo y Seguridad Social e o Ministerio de Fomento. Nela fíxose balance do asunto e nela o Goberno central anunciou que estaba traballando nunha solución inmediata.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: c4acee74-8fa4-8518-a213-a86f2b3ea008

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 13:32
Nº Rexistro: 16302
Data envío: 13/09/2017 13:32:26.116

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 13:32:22



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16372
Data envío: 13/09/2017 14:47:33.988

Data 13/09/2017 14:47

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 8763**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Abel Fermín Losada Álvarez e outros/as deputados/as máis, sobre **“as medidas previstas polo Goberno galego para resolver a conflitividade existente no sector da extracción do percebe, como consecuencia da interpretación da normativa que regula esa actividade, en especial naqueles lugares onde se está impedindo traballar a unha parte do sector, as causas desa conflitividade e os aspectos concretos da normativa que están a infrinxir os traballadores advertidos de sanción ou sancionados polo seu labor na Confraría A Anunciada, de Baiona”**, (publicada no BOPG número 116, do 19 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de envialle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar comunica que este asunto foi contestado na Comisión 8ª do 20 de xaneiro a través da iniciativa 2909 e tamén en sesión plenaria do 27 de decembro, a través da iniciativa 2356, por parte da conselleira titular do departamento, onde explicou que a normativa sinala que cando nun mesmo plan de xestión se inclúan zonas de traballo a pé e desde embarcación que non están separadas para ambos colectivos, os tripulantes só poderán acceder ao recurso por terra en caso de mal tempo.

Ademais existe un informe xurídico de 2005 sobre a posibilidade de acceso a nado de pedras próximas que conclúe que ‘o acceso ao percebe só pode realizarse a través das modalidades previstas na norma, a pé desde as rochas (percebeiros a pé) e desde embarcación (percebeiros a flote)’.

Por tanto, o cometido da Consellería do Mar é facer cumprir a lexislación e hai que aclarar que é falso que se impida faenar en Baiona e no resto de Galicia a quen cumpre coa normativa vixente.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16372
Data envío: 13/09/2017 14:47:33.988

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 14:47:29



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16366
Data envío: 13/09/2017 14:44:10.690

Data 13/09/2017 14:44

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 9005**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“a fase na que se atopa o plan de sinalización e colocación de balizas para reforzar a seguridade marítima dos portos galegos, anunciado por Portos de Galicia a finais de 2015, as xestións realizadas polo Goberno galego para axilizar os trámites correspondentes e o grao de execución que vai acadar no ano 2017, así como a valoración da Xunta de Galicia respecto da necesidade de balizar as bateas”**, (publicada no BOPG número 117, do 24 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar, a través de Portos de Galicia vén de revisar e reparar 96 sinais de balizamento marítimo das case 400 instalada en terra na contorna dos peiraos de titularidade autonómica. Con esta actuación o ente público reforza as condicións de seguridade para a navegación das embarcacións que acceden aos portos galegos.

En xeral a maioría destas reparacións consistiron na instalación ou cambio de lanternas, avariadas na maioría dos casos. Así mesmo, cambiáronse os cargadores e baterías en varias balizas, instaláronse novos postes e substituíronse outro tipo de elementos de menor envergadura en casos puntuais.

En concreto, as boias reparadas están instaladas nos espazos portuarios de Celeiro (Viveiro), Sada, Cabo de Cruz (Boiro), Portonovo (Sanxenxo), Perbes (Pontedeume), O Freixo (Serra de Outes), Lorbé (Oleiros), Pedras Negras (O Grove), Meira (Moaña), Vilanova de Arousa, Noia, Camelle (Camariñas), Tragove (Cambados), Laxe, Muros, Cariño, Brens (Cee), Santa Cristina e San Adrián de Cobres (Vilaboa), Burela, O Vicedo, Domaio, Moaña, A Guarda, Bares (Mañón), San Cibrao (Cervo), Caión (A Laracha), Corrubedo, Castiñeiras, Aguiño e Palmeira (Ribeira), Camposancos (A Guarda), O Barqueiro (Mañón), Malpica, Panxón (Nigrán), Rianxo, Fisterra, Miño, Canido (Vigo), Vilaxoán, Ribeira, Bueu, Portocubelo (Carnota), A Pobra do Caramiñal, Aguate

(Marín), As Corbaceiras (Pontevedra), Ortigueira, Espasante (Ortigueira), O Pindo (Carnota), Mugardos e Viveiro.

Cómpre sinalar que a grande maioría destas boias reparadas son boias vermellas e verdes que se sitúan para delimitar as bocanas de acceso aos portos. Deste xeito facilítase á navegación na entrada e saída dos peiraos e redúcense os riscos para embarcacións e tripulantes.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16366
Data envío: 13/09/2017 14:44:10.690

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 14:44:06



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 9048**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Noela Blanco Rodríguez e outros/as deputados/as máis, sobre **“as previsións do Goberno galego respecto da solicitude ao Goberno central da introdución de modificacións no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores do mar para incrementar o coeficiente redutor da idade de xubilación aplicado aos mariscadores”**, (publicada no BOPG número 117, do 24 de maio de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería do Mar apostou sempre pola profesionalización do sector marisqueiro. No ano 1991 acadouse un pacto co sector para profesionalizar o labor de mariscadora e contemplar así a necesidade de cotizar á Seguridade Social. Desde aquel momento procedeuse a unha incorporación progresiva á cotización en canto que se foron mellorando as rendas, ata chegar ao ano 2000 cando se fixo efectiva a necesidade de presentar a xustificación da cotización para renovar o permex.

Ademais, xerouse tamén a posibilidade de que contabilice, a efectos de anos cotizados, aqueles pagados aos réximes especiais agrarios e outros, polo que as persoas que viñan cotizando puideron facer valer tamén eses anos.

Todo isto a pesar de que houbo quen se amosou contrario á cotización por parte das mariscadoras, alentando nalgún caso a non facelo, pretendendo cotizar por horas, o cal faría posible alcanzar os 15 anos mínimos necesarios para obter unha pensión.

En todo caso, dende o Goberno autonómico apostouse por mellorar as rendas para permitir que se puidera facer fronte á cotización da Seguridade Social. E os datos actuais parecen indicar que se ten optado pola senda axeitada xa que sen ir máis lonxe, a facturación do marisqueo nas lonxas galegas no ano 2016 incrementouse un 5% máis con respecto a 2015. E xa en 2015 o valor económico das vendas de marisco aumentara nun 14% máis con respecto a 2014.

Por outra banda, a Consellería do Mar non cesa no seu empeño de incrementar os postos de traballo no marisqueo a través de distintas medidas como o plan de rexeneración de zonas improdutivas, os proxectos de reinstalación de moluscos, e no outorgamento de cada vez máis PERMEX (permisos de explotación). No 2016 convocáronse 278 permex para marisqueo a pé e 11 para marisqueo a flote, e no que levamos de ano (2017) convocáronse máis de 90 permisos de marisqueo a pé e 15 de percebe a pé.

Hai que deixar claro que o 2015 foi o primeiro ano da serie histórica iniciada coa profesionalización da actividade no ano 2000 no que sube o número de permex de marisqueo a pé.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16368
Data envío: 13/09/2017 14:45:44.722

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 14:45:40



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 9572**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e dona Carmen Santos Queiruga, sobre **“as causas do novo episodio de mortaldade do berberecho na ría de Arousa, a posible incidencia nela do deficiente ou nulo tratamento das augas fecais e/ou industriais e as medidas previstas polo Goberno galego para reverter esa situación”**, (publicada no BOPG número 124, do 7 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Dende que apareceu o parasito *Marteilia cochillia* no berberecho, en 2012, a Consellería do Mar traballa para minimizar o impacto deste parasito e mellorar a produción do bivalvo, a través de proxectos de investigación e axudas directas para paliar as perdas produtivas causadas pola diminución das poboacións de berberecho.

Cómpre lembrar que se aprobaron 5 proxectos de investigación específicos con cargo ós fondos da Consellería do Mar e desenvoltos no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA):

Id	Título accións investigaciónConsellería do Mar	Anualidades
1	Estudio da marteilose que afecta aos berberechos <i>Cerastodema edule</i> de Galicia	2013-2014
2	Posta a punto das técnicas de cultivo en criadeiro das especies do xénero <i>Cerastoderma</i> de Galicia	2014-2016
3	Epidemioloxía da enfermidade causada por <i>Marteilia cochillia</i> nas poboacións de berberecho <i>Cerastoderma edule</i> de Galicia. En colaboración co CSIC	2015-2017
4	CROQUEDOUS – Engorde en batea de semente de berberecho producida en criadeiro. Mellora da metodoloxía de cultivo	2016-2018
5	Determinación da posible resistencia á marteilose dunha cohorte de berberecho <i>C. edule</i> detectada no banco de O Ariño (Vilanova de Arousa)	2107-2018

Estes proxectos están dedicados a:

- Ampliar o coñecemento da enfermidade, os mecanismos de transmisión e os organismos involucrados nela.
- Investigar os protocolos de cultivo de berberecho -un eido que ata o de agora non estaba desenvolto- co obxectivo principal de poñer a punto o cultivo da especie, para proceder máis adiante á selección de estirpes resistentes e repoboar zonas con cría cultivada en hatchery

Ademais, a UE aprobou o proxecto de cooperación COCKLES, que ten como obxectivo recuperar e aumentar a produción de berberecho nas rexións do Espazo Atlántico da UE nas que ten relevancia económica, como por exemplo Galicia. Este proxecto estará xestionado e coordinado pola Xunta, a través de dous centros dependentes da Consellería do Mar.

Todo isto sen ter en conta os proxectos habituais de seguimento científico –técnico das poboacións e explotación dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa, desenvoltos polo CIMA.

Por outra banda, para facer fronte aos trastornos ocasionados ao sector por esta enfermidade no berberecho, o 30/12/2015 aprobouse a Orde do 22 de decembro de 2015 pola que se establece unha veda temporal nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa (Lombos do Ulla, Boído, Cabío e outras zonas), na cal se regularon as bases e a convocatoria para o ano 2016 das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, por paralización temporal da actividade marisqueira ás persoas armadoras e tripulantes das embarcacións afectadas por esta medida de conservación (cofinanciadas ao 50% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca), pola que se subvencionou un cese de extracción nas zonas de libre marisqueo da Ría de Arousa entre o 15/01/2016 e o 30/13/2017 a causa da caída produtiva do berberecho, que deu lugar a un reparto de 1.430.100 € entre 358 armadores e 147 tripulantes da ría de Arousa.

Así mesmo, dende o ano 2012, a Consellería do Mar emitiu os informes xustificativos dos peches por causa de forza maior nas campañas de libre marisqueo a flote na ría de Arousa, o que permitiu ao sector acceder a prestación do ISM cese de actividade por causa de forza maior.

Por último, cabe sinalar un ápice de optimismo nesta situación, xa que os últimos datos produtivos do berberecho na ría de Arousa amosan que dende o 2016 hai unha recuperación tanto en kg extraídos como en € obtidos en 1ª venda:



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 10:57
Nº Rexistro: 16493
Data envío: 14/09/2017 10:57:12.755

Data	Kg	Importe
2012	350.067	1.441.219 €
2013	112.588	325.430 €
2014	180.610	1.226.829 €
2015	258.709	1.142.164 €
2016	672.992	2.507.680 €
2017*	315.576	1.200.732 €
* a 21/06/2017		

En resumo, a Consellería do Mar leva traballando desde o primeiro momento para entender a situación e poder acometer as medidas oportunas para afrontar esta problemática.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 10:57
Nº Rexistro: 16493
Data envío: 14/09/2017 10:57:12.755

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 10:57:08



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 9868**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **“a dispoñibilidade pola Xunta de Galicia dalgunha estratexia para a recuperación das poboacións de berberecho nas rías galegas, as medidas económicas adoptadas ou previstas para paliar a perda de ingresos ocasionada aos mariscadores pola súa mortalidade e a confirmación da relación existente entre a presenza do parasito *Marteilia refrigens* e a mortalidade dese molusco na ría de Arousa, así como a situación do proceso de investigación levado a cabo ao respecto”**, (publicada no BOPG número 124, do 7 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Dende que apareceu o parasito *Marteilia cochillia* no berberecho, en 2012, a Consellería do Mar traballa para minimizar o impacto deste parasito e mellorar a produción do bivalvo, a través de proxectos de investigación e axudas directas para paliar as perdas produtivas causadas pola diminución das poboacións de berberecho.

Cómpre lembrar que se aprobaron 5 proxectos de investigación específicos con cargo ós fondos da Consellería do Mar e desenvoltos no Centro de Investigacións Mariñas (CIMA):

Id	Título accións investigaciónConsellería do Mar	Anualidades
1	Estudio da marteilose que afecta aos berberechos <i>Cerastodema edule</i> de Galicia	2013-2014
2	Posta a punto das técnicas de cultivo en criadeiro das especies do xénero <i>Cerastoderma</i> de Galicia	2014-2016
3	Epidemioloxía da enfermidade causada por <i>Marteilia cochillia</i> nas poboacións de berberecho <i>Cerastoderma edule</i> de Galicia. En colaboración co CSIC	2015-2017
4	CROQUEDOUS – Engorde en batea de semente de berberecho producida en criadeiro. Mellora da metodoloxía de cultivo	2016-2018
5	Determinación da posible resistencia á marteilose dunha cohorte de berberecho <i>C. edule</i> detectada no banco de O Ariño (Vilanova de Arousa)	2017-2018

Estes proxectos están dedicados a:

- Ampliar o coñecemento da enfermidade, os mecanismos de transmisión e os organismos involucrados nela.
- Investigar os protocolos de cultivo de berberecho -un eido que ata o de agora non estaba desenvolto- co obxectivo principal de poñer a punto o cultivo da especie, para proceder máis adiante á selección de estirpes resistentes e repoboar zonas con cría cultivada en hatchery

Ademais, a UE aprobou o proxecto de cooperación COCKLES, que ten como obxectivo recuperar e aumentar a produción de berberecho nas rexións do Espazo Atlántico da UE nas que ten relevancia económica, como por exemplo Galicia. Este proxecto estará xestionado e coordinado pola Xunta, a través de dous centros dependentes da Consellería do Mar.

Todo isto sen ter en conta os proxectos habituais de seguimento científico –técnico das poboacións e explotación dos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa, desenvoltos polo CIMA.

Por outra banda, para facer fronte aos trastornos ocasionados ao sector por esta enfermidade no berberecho, o 30/12/2015 aprobouse a Orde do 22 de decembro de 2015 pola que se establece unha veda temporal nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa (Lombos do Ulla, Boído, Cabío e outras zonas), na cal se regularon as bases e a convocatoria para o ano 2016 das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, por paralización temporal da actividade marisqueira ás persoas armadoras e tripulantes das embarcacións afectadas por esta medida de conservación (cofinanciadas ao 50% polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca), pola que se subvencionou un cese de extracción nas zonas de libre marisqueo da Ría de Arousa entre o 15/01/2016 e o 30/13/2017 a causa da caída produtiva do berberecho, que deu lugar a un reparto de 1.430.100 € entre 358 armadores e 147 tripulantes da ría de Arousa.

Así mesmo, dende o ano 2012, a Consellería do Mar emitiu os informes xustificativos dos peches por causa de forza maior nas campañas de libre marisqueo a flote na ría de Arousa, o que permitiu ao sector acceder a prestación do ISM cese de actividade por causa de forza maior.

Por último, cabe sinalar un ápice de optimismo nesta situación, xa que os últimos datos produtivos do berberecho na ría de Arousa amosan que dende o 2016 hai unha recuperación tanto en kg extraídos como en € obtidos en 1ª venda:



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 10:56
Nº Rexistro: 16491
Data envío: 14/09/2017 10:56:53.786

Data	Kg	Importe
2012	350.067	1.441.219 €
2013	112.588	325.430 €
2014	180.610	1.226.829 €
2015	258.709	1.142.164 €
2016	672.992	2.507.680 €
2017*	315.576	1.200.732 €
* a 21/06/2017		

En resumo, a Consellería do Mar leva traballando desde o primeiro momento para entender a situación e poder acometer as medidas oportunas para afrontar esta problemática.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 10:56
Nº Rexistro: 16491
Data envío: 14/09/2017 10:56:53.786

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 10:56:48



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 10:56
Nº Rexistro: 16488
Data envío: 14/09/2017 10:56:03.551

Data 14/09/2017 10:55

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 9887**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as máis, sobre **“a opinión e as actuacións levadas a cabo e as previstas pola Xunta de Galicia en relación co peche da pesqueira da cigala para a frota galega de arrastre ata o ano 2019”**, (publicada no BOPG número 124, do 7 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“Antes de nada convén sinalar que a Consellería do Mar traballou da man do sector desde o primeiro momento, concretamente coa frota de arrastre, para demostrar que non era necesaria a decisión de manter pechada a cota da cigala durante os próximos tres anos, ao impoñer a UE un TAC cero. É importante que se coñeza todo o traballo que este departamento ten levado a cabo a través de múltiples reunións a varias bandas para dar solución a este asunto.

Visto o impacto que ten para a nosa flota por ser capturas accesorias de gran valor e as dificultades para realizar unha pesquería parcial en termos prácticos sen afectar á súa captura, e tendo en conta que esta especie podería ser descartada adecuadamente gracias a que aguanta fóra do seu ecosistema en tempo prolongado, o sector xunto a técnicos do IEO e da propia Consellería do Mar emitiron un informe no que, unha vez recabados os datos suficientes por parte do sector, constataron que existe cigala no caladoiro e que se aprecian sinais de recuperación deste recurso.

Este traballo conxunto recolle que efectivamente diminuíron as descargas de cigala pero non por cuestións biolóxicos senón por razóns puramente administrativas ao avaliarse o estado da poboación desta especie unicamente baseándose en datos de descarga.

Así, dos 80 barcos de arrastre de litoral que quedan no Cantábrico, son uns 10 os que consumen integramente a cota (de 434 quilos o ano pasado). E a pesar de que realizan intercambios con

outras embarcacións, o certo é que queda infrautilizada, porque os armadores, pola razón que sexa, deciden non vendela, nin cedela, nin intercambiala.

O dato definitivo de que a situación da cigala non está tan mal como a describen os científicos do ICES é que, na unidade funcional 25, onde a capturan os barcos galegos, elevaron do 1,45 % do ano 2015 ao 3,78 % do 2016 a porcentaxe sobre os desembarcos totais. Tamén se incrementou a captura por unidade de esforzo e se no 2015 era de 6,46 quilos por hora, no 2016 subiu a 10,81. Resulta que incluso pescaron máis aqueles que non se dirixen á especie (0,27 quilos fronte aos 0,18 do 2015).

Todas estas conclusións foron trasladadas por medio deste informe ao propio ICES nun encontro que tivo lugar o 5 de maio para que se proceda á apertura da zona VIIIc, e no que se suxeriu realizar unha análise en profundidade sobre a cigala da unidade funcional 25 que teña en conta as tendencias históricas, os aspectos biolóxicos e os socioeconómicos, así como o impacto das cotas individuais

Con arreglo a este estudio conseguiuase que a Secretaria General de Pesca do Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente autorizase o inicio da campaña da cigala, que deu comezo o 10 de agosto e que se desenvolverá ata o 30 de setembro, agás as fins de semana e para a cal se agarda un óptimo número de capturas pensando tamén en que nun futuro o caladoiro CNW volva a ter cota para esta especie.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 14 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/09/2017 10:56
Nº Rexistro: 16488
Data envío: 14/09/2017 10:56:03.551

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 14/09/2017 10:55:59



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:40
Nº Rexistro: 16209
Data envío: 13/09/2017 12:40:36.690

Data 13/09/2017 12:40

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 10375**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre “**a prestación do servizo de gardacostas de Galicia**”, (publicada no BOPG número 132 do 21 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta ten iniciado a tramitación da contratación dos servizos de operación e mantemento de dous helicópteros adscritos ao servizo de Gardacostas de Galicia para a prestación dos labores de vixilancia, loita contra a contaminación e salvamento marítimo.

Hai que salientar que a empresa que resulte adxudicataria terá que prestar o mesmo servizo de salvamento marítimo por medios aéreos que se vén desenvolvendo en Galicia desde 1990, garantindo, por tanto, a cobertura no litoral galego os 365 días do ano as 24 horas do día, cun tempo máximo de resposta de dez minutos.

É certo que a Consellería do Mar xa sacara o pasado mes de abril a licitación deste servizo. Tras quedar deserto, optou por realizar unha consulta pública ao mercado, co obxecto de solicitar información e definir mellor os aspectos técnicos e económicos deste novo contrato con respecto ao anterior.

En base aos resultados acadados na consulta pública, axustáronse os importes estimados de custo do contrato e modificáronse aqueles aspectos técnicos que redundasen no incremento da concorrência e na mellora da prestación dun servizo único en España e cuns estándares de calidade superiores incluso aos de Salvamento Marítimo.

Este novo contrato terá unha vixencia inicial de catro anos e o seu importe para este período é de case 33 millóns de euros. Entrará en vigor o vindeiro 1 de novembro, xa que o actual aínda está vixente ata o 31 de outubro.

Para rematar, cómpre lembrar que Galicia é a única comunidade autónoma que conta co Servizo de Gardacostas e tamén a única que pon a disposición de Salvamento Marítimo do Estado (Sasemar) os seus medios para actuar en cantas operacións e operativos sexan demandados por parte do Goberno central.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:40
Nº Rexistro: 16209
Data envío: 13/09/2017 12:40:36.690

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 12:40:31



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:40
Nº Rexistro: 16208
Data envío: 13/09/2017 12:40:27.158

Data 13/09/2017 12:40

RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 10462**, formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Juan José Merlo Lorenzo e dona Carmen Santos Queiruga, sobre **“a situación actual dos dous helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galicia”**, (publicada no BOPG número 132 do 21 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta ten iniciado a tramitación da contratación dos servizos de operación e mantemento de dous helicópteros adscritos ao servizo de Gardacostas de Galicia para a prestación dos labores de vixilancia, loita contra a contaminación e salvamento marítimo.

Hai que salientar que a empresa que resulte adxudicataria terá que prestar o mesmo servizo de salvamento marítimo por medios aéreos que se vén desenvolvendo en Galicia desde 1990, garantindo, por tanto, a cobertura no litoral galego os 365 días do ano as 24 horas do día, cun tempo máximo de resposta de dez minutos.

É certo que a Consellería do Mar xa sacara o pasado mes de abril a licitación deste servizo. Tras quedar deserto, optou por realizar unha consulta pública ao mercado, co obxecto de solicitar información e definir mellor os aspectos técnicos e económicos deste novo contrato con respecto ao anterior.

En base aos resultados acadados na consulta pública, axustáronse os importes estimados de custo do contrato e modificáronse aqueles aspectos técnicos que redundasen no incremento da concorrência e na mellora da prestación dun servizo único en España e cuns estándares de calidade superiores incluso aos de Salvamento Marítimo.

Este novo contrato terá unha vixencia inicial de catro anos e o seu importe para este período é de case 33 millóns de euros. Entrará en vigor o vindeiro 1 de novembro, xa que o actual aínda está vixente ata o 31 de outubro.

Para rematar, cómpre lembrar que Galicia é a única comunidade autónoma que conta co Servizo de Gardacostas e tamén a única que pon a disposición de Salvamento Marítimo do Estado (Sasemar) os seus medios para actuar en cantas operacións e operativos sexan demandados por parte do Goberno central.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:40
Nº Rexistro: 16208
Data envío: 13/09/2017 12:40:27.158

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 12:40:23



RS/mv

En relación coa pregunta con resposta oral -a tramitar pola Comisión 8ª- **número 10948**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Dolores Toja Suárez e don Julio Torrado Quintela, sobre **“as medidas que vai adoptar a Consellería do Mar para garantir nos procedementos de contratación pública os principios comunitarios de non discriminación e transparencia, así como a non restrición ou limitación da competencia, e as razóns existentes para non emitir a consulta preliminar ao mercado antes do inicio do expediente para a licitación dos servizos de operación e mantemento de dous helicópteros para a prestación do servizo de gardacostas de Galicia, segundo o disposto na Directiva 2014/24/EU”**, (publicada no BOPG número 141 do 6 de xullo de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar**, que ten o seguinte contido:

“A Xunta ten iniciado a tramitación da contratación dos servizos de operación e mantemento de dous helicópteros adscritos ao servizo de Gardacostas de Galicia para a prestación dos labores de vixilancia, loita contra a contaminación e salvamento marítimo.

Hai que salientar que a empresa que resulte adxudicataria terá que prestar o mesmo servizo de salvamento marítimo por medios aéreos que se vén desenvolvendo en Galicia desde 1990, garantindo, por tanto, a cobertura no litoral galego os 365 días do ano as 24 horas do día, cun tempo máximo de resposta de dez minutos.

É certo que a Consellería do Mar xa sacara o pasado mes de abril a licitación deste servizo. Tras quedar deserto, optou por realizar unha consulta pública ao mercado, co obxecto de solicitar información e definir mellor os aspectos técnicos e económicos deste novo contrato con respecto ao anterior.

En base aos resultados acadados na consulta pública, axustáronse os importes estimados de custo do contrato e modificáronse aqueles aspectos técnicos que redundasen no incremento da concorrência e na mellora da prestación dun servizo único en España e cuns estándares de calidade superiores incluso aos de Salvamento Marítimo.

Este novo contrato terá unha vixencia inicial de catro anos e o seu importe para este período é de case 33 millóns de euros. Entrará en vigor o vindeiro 1 de novembro, xa que o actual aínda está vixente ata o 31 de outubro.

Para rematar, cómpre lembrar que Galicia é a única comunidade autónoma que conta co Servizo de Gardacostas e tamén a única que pon a disposición de Salvamento Marítimo do Estado (Sasemar) os seus medios para actuar en cantas operacións e operativos sexan demandados por parte do Goberno central.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 12 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/09/2017 12:31
Nº Rexistro: 16198
Data envío: 13/09/2017 12:31:18.123

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 13/09/2017 12:31:13



RS/AG

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión **número: 10603**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luis Bará Torres e outros/as deputados/as mais do mesmo grupo , sobre **“a actuación do Goberno galego en relación á adopción das medidas destinadas á loita contra a Vespa vetulina, e a paliar os danos ocasionados ao sector apícola”**, (publicada no BOPG número 137 do 29 de xuño de 2017), convertida en pregunta con resposta escrita por finalización do período de sesións xaneiro-xullo de 2017, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**, que ten o seguinte contido:

“Tal como se informou puntualmente por parte da Consellería do Medio Rural á totalidade das asociacións apícolas, o Programa Nacional Apícola para o período 2017-2019 non contempla axudas para reposición de enxames, senón unha liña de Medidas de apoio á repoboación da poboación apícola española, materializada en axudas para a cría de raíñas de razas autóctonas para reposición de baixas, e para investimentos para a cría de raíñas (núcleos de fecundación, incubadoras, material para inseminación artificial de raíñas...). Esta liña foi incluída na orde de axudas á apicultura en Galicia, Orde do 17 de marzo de 2017 pola que se establece o réxime de axudas á apicultura e se convocan para o ano 2017 (DOG Nº 61 do Martes 28 de marzo de 2017).

En todo caso, e tal como tamén se trasladou ás asociacións, co obxecto de apoiar ao sector apícola, e para reforzar o estado das colmeas, no ano 2017 incrementouse a dotación orzamentaria da orde de axudas á apicultura un 35%, pasando de 445.000 € en 2016 a 600.000 € en 2017, cara a deixar oportunamente cubertas as liñas de sobrealimentación das colmeas e renovación de ceras.

Así mesmo, o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Universidade de Vigo (UVigo) foi asinado o 29/06/2017. O obxecto do convenio é o estudo do comportamento, hábitat

e impacto nos ecosistemas da Vespa velutina para a mellora dos métodos de control existentes, así como o reforzamento das sinerxías e colaboración entre a Administración responsable das medidas de xestión e control e a comunidade científica, no relativo ás liñas de investigación no eido do estudo desta especie.

A necesidade de adaptar o Plan de vixilancia e control da Vespa velutina iniciado en 2014 á expansión da avespa, requiriu o acordo de creación dunha Comisión de Seguimento da problemática da Vespa velutina, en reunión celebrada o 13 de outubro de 2015 entre os diversos departamentos intervenientes no programa (Dirección Xeral de Emerxencias e Interior – Vicepresidencia, Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias – Consellería do Medio Rural, Dirección Xeral de Patrimonio Natural–Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e Dirección Xeral de Saúde Pública –Consellería de Sanidade).

A Consellería do Medio Rural está en contacto permanente coas asociacións apícolas, non só mediante as diversas reunións celebradas, senón tamén a través do Servizo de Sanidade Animal, que mantén unha comunicación continua e fluída con elas, recollendo todas as súas observacións e propostas e participando nos diversos foros que estas organizan.

Todas as actuacións que se están a realizar dentro do Plan de vixilancia e control da Vespa velutina prográmanse estacionalmente, nuns determinados períodos do ano, baseados fundamentalmente no ciclo anual habitual da avespa.

A Consellería do Medio Rural ven realizando xa dende o ano 2014 unha extensa campaña de divulgación entre a cidadanía en relación a esta problemática. En materia de información e divulgación realizáronse diferentes actuacións ata o momento:

-Distribuíronse 60.000 folletos e 1.700 carteis informativos sobre a Vespa velutina, que foron enviados, a través das diferentes unidades participantes no programa, a todos os Centros de Atención Primaria da Consellería de Sanidade, a todas as Oficinas Agrarias Comarcais e Distritos Forestais da Consellería do Medio Rural, Distritos da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, unidades de Emerxencias e a todas as asociacións apícolas. Ademais, a Consellería do Medio Rural distribuíu, en encartes realizados na prensa escrita en xullo de 2016 outros 124.000 folletos, destinados a informar á poboación.

-A Consellería do Medio Rural realizou tamén unha ampla campaña de difusión en prensa e radio, e na Televisión de Galicia realizáronse diversos programas informativos sobre a problemática da Vespa velutina.

-O persoal da Consellería do Medio Rural participou tamén gratuitamente en charlas informativas organizadas por Concellos e outras entidades (asociacións apícolas, asociacións locais...), en relación á Vespa velutina.

En todas estas actividades divulgativas informouse sobre a presenza e repercusión da avéspera nos distintos ámbitos, incidindo sobre as características biolóxicas e de morfoloxía que permitan a diferenciación con outras especies de avéspas e abellas, tanto dos individuos como dos niños.

Así mesmo, o cidadán dispón de información actualizada na páxina Web da Consellería do Medio Rural http://mediorural.xunta.gal/areas/gandaria/apicultura/vespa_velutina/.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Asinado dixitalmente por:



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/09/2017 16:30
Nº Rexistro: 16015
Data envío: 11/09/2017 14:09:10.857

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 11/09/2017 14:09:01

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727